Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 08/06/2023 12:12:58
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 503
8 de xuño de 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Aprobación sen modificacións

48229 (11/PNC-004127)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística 195895

Rexeitamento das iniciativas

47625 (11/PNC-004098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro 195895

53096 (11/PNC-004556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar bens de interese cultural os bens mobles das Torres de Meirás 195895

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Aprobación sen modificacións

49280 (11/PNC-004200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións 195896

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4. Procedementos de información

1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

1.4.1.1. Informe anual sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

54094. Informe anual para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 2022 (11/IAVX-000004) 195907

54095. Informe das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero 2022 (11/IAPP-000004) 196260

54097. Informe sobre as violencias sexuais exercicio 2022 196327

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

53878 (11/PRE-018296)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a internacionalización do teatro galego en lingua galega, as funcións da Agadic e do CDG, e a oportunidade de aproveitar o festival de Mérida coa representación do espectáculo *Shakespeare en Roma* en versión orixinal 196418

53888 (11/PRE-018297)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ás necesidades materiais do edificio que alberga a Asociación de Pais e Nais a prol das Persoas con Discapacidade Intelectual en Ourense (Aspanas), así como respecto das súas consideracións no tocante a diversos aspectos da súa situación actual 196421

53902 (11/PRE-018298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as condicións do edificio do Centro Público Integrado Castro Baxoi, de Miño, e as previsións da Xunta en relación coa súa mellora e o reforzo do profesorado 196426

53917 (11/PRE-018299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na concesión dun premio a unha coñecida xornalista e empresaria relacionado coa contribución ao impulso do Xacobeo 2021-2022, o nivel de transparencia e obxectividade do procedemento e os méritos acadados por esta persoa para obter esta distinción 196429

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53928 (11/PRE-018300)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a participación da Xunta de Galicia no denominado Proxecto da castaña da Deputación de Ourense, o balance dos seus resultados e a planificación de investimentos neste sector ata 2024 nas provincias de Lugo e Ourense 196432

53934 (11/PRE-018301)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as alegacións sindicais en relación coa modificación da relación de postos de traballo para a creación de novas brigadas helitransportadas destinadas á loita contra os incendios forestais e o cronograma que manexa o Goberno para esta modificación 196436

53943 (11/PRE-018302)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á elaboración de medidas de ciberseguridade para as pequenas e medianas empresas e para os pequenos concellos, así como no referido a campañas de prevención e á formación no ensino secundario nesta materia 196439

53947 (11/PRE-018303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego ante a normativa medioambiental europea, o seu cumprimento e a relación dos incendios forestais cos espazos de Rede Natura 196442

53952 (11/PRE-018304)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o funcionamento da Comisión para a planificación e impulso de proxectos que financia o instrumento Next Generation EU e o grao de cumprimento dos seus obxectivos, así como respecto da creación do Comité Técnico de Fondos de Recuperación 196444

53961 (11/PRE-018305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as consideracións e previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adaptación das súas políticas medioambientais para axustarse aos compromisos derivados do Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica subscrito por España 196447

53966 (11/PRE-018306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ao calendario, á compatibilidade coa actividade docente e á información á comunidade escolar respecto das obras de rehabilitación integral do IES Valle-Inclán, de Pontevedra 196451

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53971 (11/PRE-018307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre os equipos do Instituto de Medicina Legal de Galicia, a adecuación do cadro de persoal á carga de traballo e as políticas seguidas e previstas pola Xunta relativas a procedementos selectivos, así como a súa consideración sobre a externalización da emisión de informes psicosociais
196454

1.4.5. Respostas a preguntas

53985 - 45221 (11/PRE-014795)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para paliar as consecuencias da inflación nos sectores máis vulnerables
196458

53984 - 45225 (11/PRE-014796)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que vai promover o Goberno galego para garantir o dereito do acceso á enerxía
196461

53983 - 46393 (11/PRE-017655)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as inspeccións realizadas á residencia Nuestra Señora de Fátima do Barco de Valdeorras
196464

53982 - 50493 (11/PRE-017950)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
196467

53981 - 52006 (11/PRE-018107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o plan funcional do Hospital Gran Montecelo, de Pontevedra, en relación coa forma e as prazas do aparcadoiro
196469

53921 - 53142 (11/PRE-018222)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa loita contra a pobreza das e dos pensionistas nas comarcas de Ourense
196471

53980 - 53158 (11/PRE-018224)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as incidencias do servizo de transporte do alumnado do Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel, de Rianxo 196474

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 7 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a concesión de licenzas obrigatorias para a xestión de crise e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 816/2006 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final}

-11/UECS-000298 (54108) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a concesión de licenzas obrigatorias para a xestión de crise e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 816/2006 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final} 196477

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 13 de xuño de 2023, ás 10.00 horas) 195901

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 7 de xuño de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 48229 (11/PNC-004127)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística
BOPG nº 446, do 01.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha programación especial para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística.»

Rexeitamento das iniciativas

- 47625 (11/PNC-004098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro
BOPG nº 441, do 25.01.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 53096 (11/PNC-004556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar bens de interese cultural os bens mobles das Torres de Meirás
BOPG nº 489, do 03.05.2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 6 de xuño de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 49280 (11/PNC-004200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións
BOPG nº 450, do 08.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 5 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar continuidade á aplicación das medidas propostas para a recolección, produción e xestión da mexilla, especialmente daquelas dirixidas á disposición de áreas con presenza de mexilla e da análise das causas que poden afectar a súa fixación e existencias.

2. Continuar co diálogo para que ambas as actividades se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións, e se asegure o entendemento e beneficio mutuo dos intereses das dúas partes.»

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

1.4.1.1. Informe anual sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de xuño de 2023, adoptou os seguintes acordos:

— 54094. Informe anual para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 2022 (11/IAVX-000004)

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Admítese a trámite e acórdase o traslado á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

— 54095. Informe das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero 2022 (11/IAPP-000004)

Admítese a trámite e acórdase o traslado á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

— 54097. Informe sobre as violencias sexuais exercicio 2022

Admítese a trámite e acórdase o traslado á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de xuño de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4.4. Preguntas
1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 53878 (11/PRE-018296)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a internacionalización do teatro galego en lingua galega, as funcións da Agadic e do CDG, e a oportunidade de aproveitar o festival de Mérida coa representación do espectáculo *Shakespeare en Roma* en versión orixinal

- 53888 (11/PRE-018297)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ás necesidades materiais do edificio que alberga a Asociación de Pais e Nais a prol das Persoas con Discapacidade Intelectual en Ourense (Aspanas), así como respecto das súas consideracións no tocante a diversos aspectos da súa situación actual

- 53902 (11/PRE-018298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as condicións do edificio do Centro Público Integrado Castro Baxoi, de Miño, e as previsións da Xunta en relación coa súa mellora e o reforzo do profesorado

- 53917 (11/PRE-018299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na concesión dun premio a unha coñecida xornalista e empresaria relacionado coa contribución ao impulso do Xacobeo 2021-2022, o nivel de transparencia e obxectividade do procedemento e os méritos acadados por esta persoa para obter esta distinción

- 53928 (11/PRE-018300)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a participación da Xunta de Galicia no denominado Proxecto da castaña da Deputación de Ourense, o balance dos seus resultados e a planificación de investimentos neste sector ata 2024 nas provincias de Lugo e Ourense

- 53934 (11/PRE-018301)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as alegacións sindicais en relación coa modificación da relación de postos de traballo para a creación de novas brigadas helitransportadas destinadas á loita contra os incendios forestais e o cronograma que manexa o Goberno para esta modificación

- 53943 (11/PRE-018302)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á elaboración de medidas de ciberseguridade para as pequenas e medianas empresas e para os pequenos concellos, así como no referido a campañas de prevención e á formación no ensino secundario nesta materia

- 53947 (11/PRE-018303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego ante a normativa medioambiental europea, o seu cumprimento e a relación dos incendios forestais cos espazos de Rede Natura

- 53952 (11/PRE-018304)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o funcionamento da Comisión para a planificación e impulso de proxectos que financia o instrumento Next Generation EU e o grao de cumprimento dos seus obxectivos, así como respecto da creación do Comité Técnico de Fondos de Recuperación

- 53961 (11/PRE-018305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as consideracións e previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adaptación das súas políticas medioambientais para axustarse aos compromisos derivados do Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica subscrito por España

- 53966 (11/PRE-018306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ao calendario, á compatibilidade coa actividade docente e á información á comunidade escolar respecto das obras de rehabilitación integral do IES Valle-Inclán, de Pontevedra

- 53971 (11/PRE-018307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre os equipos do Instituto de Medicina Legal de Galicia, a adecuación do cadro de persoal á carga de traballo e as políticas seguidas e previstas pola Xunta relativas a procedementos selectivos, así como a súa consideración sobre a externalización da emisión de informes psicosociais

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 53985 - 45221 (11/PRE-014795)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para paliar as consecuencias da inflación nos sectores máis vulnerables

- 53984 - 45225 (11/PRE-014796)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que vai promover o Goberno galego para garantir o dereito do acceso á enerxía

- 53983 - 46393 (11/PRE-017655)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as inspeccións realizadas á residencia Nuestra Señora de Fátima do Barco de Valdeorras

- 53982 - 50493 (11/PRE-017950)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53981 - 52006 (11/PRE-018107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre o plan funcional do Hospital Gran Montecelo, de Pontevedra, en relación coa forma e as prazas do aparcadoiro

- 53921 - 53142 (11/PRE-018222)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa loita contra a pobreza das e dos pensionistas nas comarcas de Ourense

- 53980 - 53158 (11/PRE-018224)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as incidencias do servizo de transporte do alumnado do Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel, de Rianxo

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 7 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a concesión de licenzas obrigatorias para a xestión de crise e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 816/2006 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final}

-11/UECS-000298 (54108) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a concesión de licenzas obrigatorias para a xestión de crise e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 816/2006 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54108, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlameanto Europeo e do Consello, sobre a concesión de licenzas obrigatorias para a xestión de crise e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 816/2006 (Texto pertinente a

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

efectos do EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 13 de xuño de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 13 de xuño de 2023, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 6 de xuño de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexistativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (doc. núm. 52026, 11/PPLC-000007)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 54105 (11/CPP-000129)
Da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre a campaña de verán 2023 *O verán que sempre vas lembrar*
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

Punto 3. Mocións

3.1 54001 (11/MOC-000160)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia
Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50311, publicada no BOPG núm. 461, do 1 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

3.2 54008 (11/MOC-000161)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51154, publicada no BOPG núm. 467, do 15 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

3.3 54014 (11/MOC-000162)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33049, publicada no BOPG núm. 303, do 5 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

3.4 54015 (11/MOC-000163)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre o abandono de explotacións agrarias. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 49972, publicada no BOPG núm. 458, do 22 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 50866 (11/PNP-004204)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia recibidos do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

4.2 53040 (11/PNP-004393)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

4.3 53348 (11/PNP-004423)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fraxilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen
Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

4 5 3363 (11/PNP-004425)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

4.5 53572 (11/PNP-004446)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

4.6 53591 (11/PNP-004448)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 494, do 16.05.2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 5. Interpelación**s**

5.1 37443 (11/INT-001929)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

5.2 46669 (11/INT-002259)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre o Servizo de Axuda no Fogar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

5.3 53530 (11/INT-002579)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 54079 (11/POPX-000109)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración que fai do impacto das políticas do Goberno central en Galicia nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

6.2 54088 (11/POPX-000110)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a valoración da utilidade do seu goberno á hora de defender os intereses de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

Punto 7.Preguntas ao Goberno

7.1 54062 (11/PUP-000340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nos fondos Next Generation-EU
Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.2 54089 (11/PUP-000341)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da convocatoria de eleccións xerais o próximo 23 de xullo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.3 52958 (11/POP-008157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a negativa do Goberno de España a tramitar a obra de reconstrución dos viadutos do Castro, na A-6, pola vía de emerxencia e de xeito simultáneo en ambos os sentidos de circulación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

7.4 51766 (11/POP-008006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

7.5 53676 (11/POP-008240)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e Queixas Zas, Mercedes
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 24.05.2023

7.6 51398 (11/POP-007948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis
Sobre a creación de centros 24 horas de atención integral a vítimas de violencia sexual en toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

7.7 54059 (11/PUP-000339)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do impulso dunha mellora na protección das mulleres en situación de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.8 49690 (11/POP-007657)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as iniciativas que está a impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de facer fronte ao déficit de médicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 52295 (11/POP-008078)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dotar dun servizo de pediatría de calidade os centros sanitarios de Verín e da comarca de Monterrei
Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831
Data 06/06/2023 09:52

Coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, trasládolle o "**Informe anual de violencia de xénero exercicio 2022**", para a súa remisión aos Grupos Parlamentarios.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/06/2023 09:52:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

INFORME

ANUAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXERCICIO 2022

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

XUNTA DE GALICIA

Informe anual de violencia de xénero 2022

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

Abril de 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

1. PRÓLOGO 2

2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022 6

2.1 Introdución 6

2.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas 17

2.3 Vítimas mortais por violencia de xénero. Galicia 2022 19

2.4 Violencia xénero: Casos 2022 23

2.5 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa cos datos globais do territorio español 30

2.6 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa co total presentadas no territorio español 33

3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO 36

3.1 Introdución 36

Título I: Prevención da violencia de xénero 37

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero 37

Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero. 103

Capítulo III: Medidas no ámbito educativo 128

Titulo II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero 154

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico 155

Capitulo II: Medidas no ámbito xudicial 169

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección 175

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego 184

Capítulo V: Medidas de carácter económico. 206

Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero 235

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 317

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

1. PRÓLOGO

O presente informe da cumprimento ao disposto na Disposición Adicional Cuarta primeira da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática, que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e que foi aprobada co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional».

Pola súa banda, a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual estende e desenvolve para as violencias sexuais os aspectos preventivos, de atención, sanción, especialización ou asistencia integral, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas globais en materia de protección dos dereitos humanos das mulleres, as nenas e os nenos fronte ás violencias sexuais. Ademais, como novidade, desenvólvese o dereito á reparación, como un dos eixos centrais da responsabilidade institucional para lograr a completa recuperación das vítimas e as garantías de non repetición da violencia.

Cómpre destacar as modificacións lexislativas operadas no Parlamento galego nos anos 2016, 2021 e 2022, nos que se procedeu á modificación da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

Así, a ***Lei 12/2016,*** *do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, mellora substancialmente a cobertura económica das mulleres vítimas, pois garante* **un prazo de solicitude aberto durante todo o ano** para a prestación periódica regulada no artigo 39**,** á vez que establece como **potenciais beneficiarias desa prestación tamén ás vítimas de trata con fins de explotación sexual**.

A ***Lei 14/2021***, do 20 de xullo, modifica a Lei 11/2007 para incluír, dentro do concepto de violencia de xénero, a **violencia vicaria**, entendida como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade inda sen convivencia, ampliando, en consecuencia, o concepto de violencia de xénero do artigo 1 da lei, así como recoñecendo explicitamente este tipo de violencia como unha forma de violencia de xénero, recolléndoa como tal no artigo 3 da lei.

A través da ***Lei 15/2021***, do 3 de decembro, inclúese a **violencia dixital de xénero** como unha forma de violencia de xénero, definíndoa como "*todo acto ou conduta de violencia de*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico."

E a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas ampliou novamente o concepto de violencia de xénero, ao incluír expresamente como tal a explotación sexual. Así, para os efectos desta lei, "entenderase vítima de explotación sexual aquela muller que realice o exercicio da prostitución, incluídos os actos pornográficos ou a produción de material pornográfico, con obtención de lucro por parte dunha terceira persoa, física ou xurídica, cando a vítima se atope nunha situación de vulnerabilidade persoal ou económica ou se lle impoñan condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas".

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 7/2018, de 30 de xullo.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.
- Canarias: Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 1/2017, do 17 de marzo.
- Cantabria: Lei 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.
- Castela- A Mancha: Lei 4/2018, de 8 de outubro, para unha sociedade libre de Violencia de Xénero en Castela-A Mancha.
- Castela e León: Lei 13/2010, do 9 de decembro, contra a Violencia de Xénero en Castela e León.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

machista.

- Comunidade de Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid, modificada pola Lei 3/2018, de 22 de xuño.
- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 14/2015, do 10 de abril, para actuar contra a violencia cara as mulleres, modificada pola Lei Foral 3/2018, do 19 de abril.
- Comunidade Valenciana: Lei 7/2012, do 23 de novembro, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunitat Valenciana.
- Extremadura: Lei 8/2011, do 23 de marzo, de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Extremadura.
- Illes Baleares: Lei 11/2016, de 28 de xullo, de Igualdade de Mulleres e Homes.
- La Rioja: Lei 11/2022, do 20 de Setembro, contra a violencia de xénero.
- Pais Vasco: Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes, modificada pola Lei 1/2022, de 3 de marzo, da segunda modificación da Ley para a igualade de Mulleres e homes.
- Principado de Asturias: Lei do Principado de Asturias 2/2011,do 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.
- Región de Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Hoes, e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia, modificada pola Lei 3/2008, do 3 de xullo, pola Lei 11/2016, de 15 de xuño e pola Lei 3/2019, do 20 de marzo.

É este o décimo quinto ano consecutivo, (2008-2022), no que en Galicia se fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno galego en materia de violencia de xénero, proporcionando información detallada sobre as actuacións e medidas desenvolvidas desde a Xunta de Galicia nesta materia.

Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega no ano obxecto de referencia.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022

2.1 Introdución

A poboación en Galicia, en 2022, ascende a 2.690.464 persoas, das cales 1.294.708 son homes (48,12%) e 1.395.756 (51,88%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o 5,65% da poboación estatal, 47.615.034 persoas.



Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

- **Cifras oficiais da poboación segundo provincia e sexo. Ano 2022**

Provincia	Homes		Mulleres		Total	
A Coruña	536.587	19,94%	582.593	21,65%	1.119.180	41,60%
Lugo	156.967	5,83%	167.022	6,21%	323.989	12,04%
Ourense	146.072	5,43%	158.208	5,88%	304.280	11,31%
Pontevedra	455.082	16,91%	487.933	18,14%	943.015	35,05%
Total	**1.294.708**	**48,12%**	**1.395.756**	**51,88%**	**2.690.464**	**100,00%**

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes



Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:52:54
Nº Rexistro: 54094
Data envio: 06/06/2023 09:52:54.831

- **Evolución da poboación. Galicia 1998-2022:**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486
2010	2.797.653	1.350.547	1.447.106
O artigo 39, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha **prestación económica de carácter periódico** dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá **dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor ou da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación e mais a intentar axudalas a romper coa situación de violencia.

A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade regulará a prestación, **garantirá un prazo de solicitude aberto durante todo o ano,** e terá como persoas beneficiarias ás mulleres que sofran violencia de xénero nalgunha das seguintes formas: violencia física, violencia psicolóxica, trata con fins de explotación sexual e violencia vicaria.

Este informe dá cumprimento ao disposto na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007 do 27 de xullo, que establece a obriga do departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia de **remitir ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobra a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.**

PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

54.678.548,81€

ORZAMENTO

NO PERIODO 2006-2022

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

A VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

A organización de Nacións Unidas define a violencia contra a muller como «*todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, incluídas as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada*».

Na Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible a ONU establece 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible. O obxectivo 5 é **acadar a igualdade de xénero, empoderando a todas as mulleres e nenas**.

A violencia de xénero segue a ser unha prioridade dos gobernos e institucións.

Segundo as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 2022, en Galicia rexistráronse 7029 denuncias por violencia de xénero, incrementándose nun 10,95% con respecto aos datos do ano anterior. Os datos provinciais indican que na provincia da Coruña rexistráronse o 41,71% do total de denuncias (2.932 denuncias), o 10,39% en Lugo (730 denuncias), un 14,72% en Ourense (1.035 denuncias) e o 33,18% en Pontevedra (2.332 denuncias).

En relación ás ordes de protección e medidas cautelares (art.544 Ter e 544 Bis), no ano 2022 en Galicia, solicitáronse 1.882 das cales se adoptaron o 67%. En termos provinciais das 804 incoadas na provincia da Coruña, o 77,11% foron adoptadas (620) sendo esta provincia a que máis destaca. Na provincia de Lugo o 58,96% foron adoptadas (125 de 212). Ourense é a segunda provincia que destaca xa que nela o 76,81% das ordes de protección e medidas cautelares foron adoptadas (202 de 263) e pola contra, en Pontevedra so o 53,07% das 603 ordes e medidas incoadas foron adoptadas.

PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

6.737

BENEFICIARIAS

NO PERÍODO 2006-2022

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Neste informe recóllense os principais indicadores de evolución destas prestacións promovidas pola Secretaría Xeral da Igualdade desde o ano 2006, realizándose unha análise comparativa dos 17 anos de execución do programa.

Este informe céntrase na información relativa á convocatoria do ano 2022, a última da que se teñen datos definitivos de peche de exercicio económico.

Neste documento preséntase un resumo coas principais conclusións da análise realizada subliñando aqueles datos e información máis relevante para a comprensión da evolución das prestacións e o seu emprego como unha ferramenta máis para posibilitar a autonomía e a independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre elas unha situación de denominación no caso das vítimas de trata con fins de explotación sexual.

2. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

A conciencia social sobre a lacra que representa a violencia de xénero para a sociedade vai en aumento no noso país. Isto é debido fundamentalmente ao traballo realizado polas administracións, as institucións e as persoas. Un proceso no que o Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, desenvolveron lexislación específica ao respecto.

A **Organización de Nacións Unidas** (ONU) coa Declaración universal dos dereitos humanos no ano 1948, ou o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller do ano 1979 iniciou un camiño imparable a prol da igualdade de xénero. Posteriormente chegaría no ano 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller ou a Declaración de Beijing no 1995.

A **Unión Europea** tamén establece lexislación aplicable na materia. Destaca:

- *Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

- *Convenio do Consello de Europa ,do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)*
- *Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.*
- *Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.*
- *Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.*
- *Regulamento (UE) n ° 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.*
- *Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres.*
- *Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).*
- *Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)*
- *Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Foi a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a que marcará un fito histórico, ao establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- *Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica.*
- *Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.*
- *Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.*
- *Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.*
- *Ley Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.*

Galicia conta desde o ano 2007 coa súa propia lexislación en materia de violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Son tamén de aplicación:

- *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- *Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

En concreto, no referente á **prestación periódica** para mulleres que sofren violencia de xénero, as bases e a convocatoria para o ano 2022 atópanse reguladas en:

- *Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade , pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

- *Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución de 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

- *Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

- *Resolución do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

3. RESUMO DO PROGRAMA

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así coma a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Considera a **violencia de xénero** como calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Segundo prevé o artigo 39, será a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, a que establecerá unha **prestación económica periódica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero**. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa **autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual.

Estas prestacións ademais intentan **contribuír a romper coa situación de violencia** e que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Unha vez concedida a prestación, aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas na lei, sendo o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases da convocatoria e as contías das prestacións, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Os **requisitos necesarios** para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- Ser **muller, maior de idade ou emancipada**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

- **Acreditar** unha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, mediante algún dos seguintes documentos, emitidos no intervalo temporal que comprende os **doce meses inmediatamente anteriores** á data de presentación da solicitude. Este intervalo temporal non será de aplicación no caso da violencia vicaria ou violencia "por interpósita persoa" :

  - Orde de protección ou medida cautelar vixentes.
  - Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
  - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.
  - Informe das Forzas e Corpos de Seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
  - Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
  - Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

Para os efectos desta axuda tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia "por interpósita persoa", con resultado de morte.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

- Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Este intervalo temporal non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia "por interpósita persoa".

- Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.

- No caso de acreditar a situación de violencia de xénero cunha orde de protección ou medida cautelar, esta deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda.

- Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así se esixa pola lexislación vixente, ter permiso de residencia.

  No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, é suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que a súa contía sexa insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

- Non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

A **contía económica** é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

A contía que pode acadar a axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, de acordo coas seguintes especificacións:

Ingresos	*Contía mensual*
Ingresos ≤ IPREM vixente. Carácter xeral.	600 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas ≥ 33%	650 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	700 €
Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	800 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas ≥ 33%	350 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	400 €
Ingresos >IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Ingresos	Contía mensual
Ingresos > IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	500 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	500 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM . Carácter xeral.	*200 €*
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas ≥ 33%	*250 €*
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	*300 €*
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	*300 €*
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	*400 €*
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	*400€*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

4. ESTUDO DE SEGUIMENTO

4.1. Análise da prestación no período (2006-2022)

Desde a primeira convocatoria destas prestacións, no ano 2006 ata o pasado ano 2022 o **apoio económico** ás mulleres que sofren violencia de xénero a través desta liña de **axudas superou os 54 millóns de €.**

54.678.548,81 €

ORZAMENTO TOTAL PERÍODO 2006-2022

17 ANUALIDADES CONTINUADAS

6.737

BENEFICIARIAS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Orzamento do programa

Desde os primeiros anos de execución, esta liña de axudas está reforzada con ampliacións orzamentarias nos diferentes exercicios económicos. A continuación detállanse as anualidades e as ampliacións orzamentarias desde o ano 2006:

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico

Exercicio económico	Anualidades incluídas		Ampliacións orzamentarias		Importe total
Exercicio 2006	Anualidade 2006	Anualidade 2007	Ampliación 2006	Ampliación 2007	Importe total
Convocatoria plurianual 2006-2007	1.100.000 €	550.000 €	105.300 €	0 €	**1.755.300,00 €**
Exercicio 2007	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Ampliacións 2007	Ampliación 2008	Importe total
Convocatoria plurianual 2007-2008	263.400 €	50.000 €	1.302.000 €	615.000 €	**2.230.400,00 €**
Exercicio 2008	Anualidade 2008	Anualidade 2009	Ampliacións 2008	Ampliación 2009	Importe total
Convocatoria plurianual 2008-2009	965.000 €	1.141.000 €	294.589 €	0 €	**2.400.589,00 €**
Exercicio 2009	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Ampliacións 2009	Ampliación 2010	Importe total
Convocatoria plurianual 2009-2010	628.500 €	798.700 €	535.050 €	0 €	**1.962.250,00 €**
Exercicio 2010	Anualidade 2010	Anualidade 2011	Ampliacións 2010	Ampliación 2011	Importe total
Convocatoria plurianual 2010-2011	900.000 €	630.000 €	841.127 €	0 €	**2.371.127,00 €**
Exercicio 2011	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Ampliacións 2011	Ampliación 2012	Importe total
Convocatoria plurianual 2011-2012	970.000 €	1.120.000 €	300.000 €	0 €	**2.390.000,00 €**
Exercicio 2012	Anualidade 2012	Anualidade 2013	Ampliacións 2012	Ampliación 2013	Importe total
Convocatoria plurianual 2012-2013	1.276.650 €	1.120.000 €	218.886,66 €	0 €	**2.615.536,66 €**
Exercicio 2013	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Ampliacións 2013	Ampliación 2014	Importe total
Convocatoria plurianual 2013-2014	688.850 €	1.120.000 €	312.660,65 €	0 €	**2.121.510,65 €**
Exercicio 2014	Anualidade 2014	Anualidade 2015	Ampliacións 2014	Ampliación 2015	Importe total
Convocatoria plurianual 2014-2015	750.150 €	1.155.000 €	345.150 €	0 €	**2.250.300,00 €**
Exercicio 2015	Anualidade 2015	Anualidade 2016	Ampliacións 2015	Ampliación 2016	Importe total
Convocatoria plurianual 2015-2016	578.380,49 €	1.176.000 €	664.006,87 €	0 €	**2.418.387,36 €**
Exercicio 2016	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Ampliacións 2016	Ampliación 2017	Importe total

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Exercicio económico	Anualidades incluídas		Ampliacións orzamentarias		Importe total
Convocatoria plurianual 2016-2017	728.382 €	1.303.562 €	391.237 €	0 €	**2.423.181,40 €**
Exercicio 2017	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Ampliacións 2017	Ampliación 2018	Importe total
Convocatoria plurianual 2017-2018	1.942.950 €	2.100.000 €	0 €	0 €	**4.042.950,00 €**
Exercicio 2018	Anualidade 2018	Anualidade 2019	Ampliacións 2018	Ampliación 2019	Importe total
Convocatoria plurianual 2018-2019	1.600.000 €	2.100.000 €	958.927,30 €	0 €	**4.658.937,30 €**
Exercicio 2019	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Ampliacións 2019	Ampliación 2020	Importe total
Convocatoria plurianual 2019-2020	2.350.000 €	2.800.000 €	144.965,89 €	0 €	**5.294.965,89 €**
Exercicio 2020	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Ampliacións 2020	Ampliación 2021	Importe total
Convocatoria plurianual 2020-2021	2.521.000 €	2.800.000 €	126.465 €	0 €	**5.447.465,00 €**
Exercicio 2021	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Ampliacións 2021	Ampliación 2022	Importe total
Convocatoria plurianual 2021-2022	2.250.000 €	2.800.000 €	195.648,55 €	0 €	**5.245.648,55 €**
Exercicio 2022	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Ampliacións 2022	Ampliación 2023	Importe total
Convocatoria plurianual 2022-2023	2.250.000 €	2.800.000 €	0€	0€	**5.050.000,00€**

O orzamento destinado a estas prestacións segue unha liña ascendente a excepción dos anos 2009 e 2013, nos que se reduciu o orzamento total destinado a estas prestacións. É destacado o **incremento do 40% do orzamento no ano 2017** con respecto do ano 2016, situándose en **máis de 4 millóns de euros.**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 1. Evolución do orzamento no período (2006-2022)

5.050.000,00 €

ORZAMENTO ANO 2022

O ORZAMENTO DO ÚLTIMO ANO AUMENTOU CASE 3,3 MILLÓNS DESDE O DO PRIMEIRO ANO (2006)

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Evolución do número de solicitudes

Gráfico 2. Evolución do número de solicitudes no período (2006-2022)



O número de solicitudes recibidas desde o 2006 ascende a 9.683. Nos últimos 2 anos as solicitudes destas prestacións diminúen de xeito moderado.

9.683 SOLICITUDES RECIBIDAS DESDE O ANO 2006

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 3. Evolución do número de solicitudes por provincia no período (2006-2022)



3 de cada 4 solicitudes pertencen ás provincias da Coruña e Pontevedra. O número de solicitudes nas provincias da Coruña e Lugo sempre foi ascendente desde o ano 2016, ata o 2021, no que se observa un leve descenso ata o período 2022, salvo a provincia de Lugo, que incrementa levemente as súas solicitudes no último ano; pola contra, en Ourense descenderon o número de solicitudes nos últimos catro anos, e na provincia de Pontevedra descendeu o número de solicitudes nos últimos dous anos.

MÁIS DO 44% DO TOTAL DE SOLICITUDES PROCEDEN DA PROVINCIA DA CORUÑA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Evolución do número de concesións

En relación ao número de concesións, a súa evolución foi progresiva destacando o ano 2010 con máis do 88% das solicitudes concedidas, volvéndose a superar o 80% de concesións no ano 2016 e manténdose nesa porcentaxe no ano 2022. Desde o ano 2012 as concesións superan sempre o 70% das solicitudes presentadas.

Gráfico 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes período (2006-2022)



NOS ÚLTIMOS 10 ANOS, SUPERÁRONSE O 70% DAS CONCESIÓNS SOBRE O NÚMERO DE SOLICITUDES RECIBIDAS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

XUNTA DE GALICIA

NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS O NÚMERO DE CONCESIÓNS É O DE MAIOR PORCENTAXE DOS ÚLTIMOS 6 ANOS,

SUPERANDO O 80% DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

Gráfico 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período (2006-2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia no período (2006-2022) con respecto ao número total de prestacións



A provincia da **Coruña recolle o maior número de solicitudes e concesións, seguida da provincia de Pontevedra. Pola contra, Lugo ten o menor ratio de concesións e solicitudes de prestacións** con respecto ao resto de provincias.

A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN MÁIS DO

76% DAS PRESTACIÓNS CONCEDIDAS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Táboa 2 . Evolución do número de concesións por provincia no período (2006-2022)

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Ano					
2006	140	24	29	82	**275**
2007	127	36	37	120	**320**
2008	113	31	31	84	**259**
2009	77	42	31	67	**217**
2010	151	45	57	116	**369**
2011	80	30	34	107	**251**
2012	145	47	45	125	**362**
2013	105	43	34	104	**286**
2014	122	36	50	128	**336**
2015	133	24	48	134	**339**
2016	140	28	31	125	**324**
2017	169	35	52	161	**417**
2018	246	53	78	206	**583**
2019	244	56	70	207	**577**
2020	300	59	86	194	**639**
2021	256	68	70	218	**612**
2022	263	68	71	169	**571**
Total	**2.811**	**725**	**854**	**2.347**	**6.737**

A provincia da Coruña é a que presenta o maior número de solicitudes e de concesións con respecto á suma do total galego, a media de concesións con respecto á de solicitudes é de máis dun 70% desde que se iniciou no ano 2006 a convocatoria de prestacións.

A provincia de Lugo representa o 10,76 % do total de prestacións concedidas en Galicia desde o ano 2006. En relación ao número de concesións con respecto ao de solicitudes, **máis do 70% das solicitudes presentadas en Lugo foron concedidas, é a provincia cun maior ratio de concesións con respecto ás solicitudes presentadas**.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

A provincia de Ourense representa de media ó 12.68% do total de concesións desde a primeira convocatoria das prestacións. En relación á porcentaxe de prestacións concedidas con respecto ás presentadas nesta provincia, **Ourense ten o menor ratio de concesión de prestacións, de cada 100 solicitudes presentadas 64,89% son concedidas**.

Na análise das concesións de prestacións da provincia de Pontevedra, o 34,84% do total concedido en Galicia preséntanse nesta provincia. **A porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes presentadas na provincia de Pontevedra é do 69,11%.**

O 71,71% DAS SOLICITUDES PRESENTADAS NA PROVINCIA DE LUGO SON CONCEDIDAS, O MELLOR RATIO DE TODAS AS PROVINCIAS

4.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2022

A través da Resolución do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

A continuación preséntanse os datos relativos á concesión da presentación no **ano 2022**:

5.050.000,00 €

ORZAMENTO ANO 2022

MÁIS DE 3,3 MILLÓNS DE ORZAMENTO RESPECTO AO ANO 2006

571 BENEFICIARIAS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Prestacións aprobadas

No ano 2022 recibíronse **713 solicitudes** das que foron **concedidas o 80,08% (571 prestacións concedidas).**

En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña** é a que ten un maior número de solicitudes presentadas (315) seguida da provincia de **Pontevedra** (224). Do mesmo xeito, estas provincias son as que teñen o maior numero de concesións, **acadando a suma das dúas provincias máis do 76% das prestacións adxudicadas no ano 2022.**

Gráfico 7. Número de solicitudes e concesións por provincia no ano 2022



No que se refire á porcentaxe de concesións con respecto ao número de solicitudes, a provincia de **Lugo** conta coa segunda porcentaxe de resolucións máis favorables, dun **80%** de prestacións concedidas con respecto ás presentadas na provincia, seguida da provincia da **Pontevedra,** cun **75,45%** de concesións respecto ás solicitudes.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 8.Porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes de cada provincia. Ano 2022



MÁIS DO 80% DAS SOLICITUDES PRESENTADAS EN 2022 FORON CONCEDIDAS

Das 571 concesións do ano 2022, as presentadas na provincia da Coruña representan o 46,06%, seguidas das da provincia de Pontevedra que son un 29,60% do total de prestacións concedidas, en Ourense acadáronse o 12,43 % das concesións totais e na provincia de Lugo un 11,91% do total.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Con respecto ao total galego, Lugo é a provincia na que a representatividade das concesións (11,91%), é algo superior o número de solicitudes totais (11,92%).

Pola contra, Ourense, é a provincia na que o número de solicitudes (12,48%) é maior que o número de concesións (12,43%).

Nas provincias da Coruña e Pontevedra a representatividade das concesións e das solicitudes é moi similar: na provincia da Coruña preséntanse o 44,18% solicitudes e concédense o 46,06% do total de Galicia, e na provincia de Pontevedra presentáronse o 31,42% das solicitudes e acadan o 29,60% de concesións con respecto ao total da Comunidade Autónoma.

Gráfico 9. Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia con respecto ao total de prestacións (ano 2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 10 . Prestacións concedidas por provincia e exercicio económico [1]



Segundo se indicaba na Táboa 1, que fai referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, das prestacións económicas concedidas segundo a convocatoria do ano 2022, o 58,04% dos importes concedidos corresponden a partidas do exercicio económico 2022 e o 41,92% restante recóllese na partida económica do 2023.

Solicitudes denegadas

Das 713 solicitudes presentadas en 2022, 107 foron denegadas (15,01%). **O motivo principal da denegación foi o incumprimento dalgún dos requisitos das bases da convocatoria, fundamentalmente a superación dos ingresos previstos na norma.**

[1] Nestes importes inclúense os totais de cada proposta, non se teñen en conta as modificacións ou suspensións da axuda

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

No 44,86% das solicitudes, non se emendou o requirimento de documentación realizado pola administración.

Nun 20,56% dos casos as mulleres desistiron expresamente da solicitude presentada, principalmente por motivos de rendas.

Gráfico 11 . Solicitudes desfavorables por motivo de denegación (ano 2022)



En termos provinciais, **na provincia de Pontevedra o 16,82% das solicitudes non aprobadas foi por non emendar a documentación solicitada**, sendo a provincia que ten un maior número de solicitudes non emendadas en comparación coas outras provincias.

A provincia da Pontevedra é a que ten o maior número de solicitudes desistidas expresamente polas solicitantes. En relación ao total de solicitudes non aprobadas na provincia, estas desestimacións representan o 11,21% das solicitudes presentadas en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Gráfico 12 . Solicitudes desfavorables por motivo de denegación e provincia (ano 2022)



A provincia da **Coruña é a que ten un maior número de solicitudes denegadas, debido a que non cumpren todos os requisitos da convocatoria,** (o 34,58% das denegacións por esta causa en toda Galicia).

O 37,50% das solicitudes denegadas porque non emendan o requerimento de documentación pertencen á provincia de Pontevedra.

Dúas das solicitudes denegadas **por desestimento expreso da solicitude**, presentáronse unha na provincia de Ourense e non se presentou ningunha na provincia de Lugo.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Acreditación da situación de violencia de xénero

Procedendo á **análise das axudas concedidas e á situación das persoas beneficiarias**, a determinación das mesmas establécese, segundo as bases da convocatoria, coa acreditación dunha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.

Na convocatoria do ano 2022, **as acreditacións da situación de violencia de xénero das beneficiarias realizouse principalmente a través de medidas xudiciais**.

Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia (ano 2022)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	%
Orde de protección ou medida cautelar	129	56	46	67	298	52,19%
Sentenza	92	1	9	59	161	28,20%
Informe do Ministerio Fiscal	1	0	9	0	10	1,75%
Informe das FCS	2	0	0	3	5	0,88%
Informe de Servizos Sociais ou Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local	32	11	7	36	86	15,06%
Informe dos Servizos de Acollida da Adm.Pública autonómica ou local	7	0	0	4	11	1,93%
Total	**263**	**68**	**71**	**169**	**571**	**100,00 %**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

MÁIS DO 80%

DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON MEDIDAS XUDICIAIS

Gráfico 13. Tipo de acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias (ano 2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Lugar de residencia das beneficiarias

En termos territoriais, a maioría das beneficiarias residen en zonas non urbanas, sendo as mulleres residentes en zonas pouco poboadas ou intermedias o 57,16% das beneficiarias totais. Pola contra, destaca a provincia de Ourense, onde o 51,39% das beneficiarias residen na cidade de Ourense[2]. **Máis do 42,83% das beneficiarias totais residen nas 7 cidades galegas con máis poboación,** consideradas como ZDP (Zonas Densamente Poboadas) [3]:

Táboa 4. Beneficiarias residentes nas principais cidades galegas máis poboadas (ano 2022)

Cidade	Nº de beneficiarias
Coruña (A)	65
Ferrol	34
Santiago de Compostela	16
Lugo	28
Ourense	37
Pontevedra	20
Vigo	45

Nas zonas menos poboadas, ZPP, residen entre el 10 e o 20% das beneficiaras a excepción da provincia de Lugo e Ourense onde máis do 30% residen en zonas rurais pouco poboadas.

[2] Poden existir variacións respecto aos totais semestrais por provincia dado que hai beneficiarias que cambian de concello durante a tramitación/percepción.

[3] Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2016).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km^2 e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.

ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km^2 e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Na provincias atlánticas, Coruña e Pontevedra, máis do 35% das beneficiarias residen en zonas intermedias de poboación (ZIP) mentres que nas provincias de Lugo e Ourense as beneficiarias en zonas intermedias de poboación representan máis do 25% e máis do 18% do total de beneficiarias de cada provincia.

Gráfico 14. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2022)



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización dos concellos (GU 2016).

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 15. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2022)[4]



[4] Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o subgrao de urbanización):
ZIP alta :aquelas áreas cunha densidade superior a 300 hab./Km2 (e con polo menos unha AL de densidade superior a 500 hab./Km2) que formen un conxunto contiguo cunha poboación de 10.000 ou máis habitantes, o resto son ZIP baixa.
Dentro das áreas clasificadas como ZPP, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km2 (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km2) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificaranse como:
– ZPP alta se o conxunto ten 10.000 ou máis habitantes
– ZPP intermedia se o conxunto ten 5.000 habitantes ou máis e menos de 10.000 habitantes
– ZPP baixa se o conxunto ten 2.000 habitantes ou máis e menos de 5.000 habitantes

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Máis do 20% das prestacións van destinadas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas, a provincia da Coruña destaca nas 3 zonas ao ter o maior número de beneficiarias que residen en zonas moi pouco poboadas (ZPP), en zonas intermedias de poboación (ZIP) e en zonas densamente poboadas (ZDP) fronte as demais provincias. A provincia de Pontevedra ten o segundo maior número de beneficiarias nas zonas intermedias de poboación (ZIP) e as provincias de Ourense e Lugo forman o seu máximo de beneficiarias nas zonas densamente poboadas (ZDP).

Nacionalidade das beneficiarias

As beneficiarias representan 32 nacionalidades diferentes á española. Dos países latinoamericanos proceden o 17,51% do total das beneficiarias, un 66,67% do total de mulleres beneficiarias estranxeiras.

Táboa 5 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2022

Nacionalidade	*Nº beneficiarias*	*%*
Española	421	73,73 %
Estranxeira	150	26,27 %
Total	571	100,00 %

3 DE CADA 4 BENEFICIARIAS SON ESPAÑOLAS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Táboa 6 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2022

Nacionalidade	N.º beneficiarias	%
España	421	73,73%
Alxeria	1	0,18%
Arxentina	5	0,88%
Bolivia	1	0,18%
Brasil	29	5,08%
Bulgaria	1	0,18%
Chile	1	0,18%
Colombia	18	3,15%
Cuba	6	1,05%
Eslovaquia	1	0,18%
Ecuador	1	0,18%
Etiopía	1	0,18%
Francia	1	0,18%
Guinea Ecuatorial	2	0,35%
Guatemala	1	0,18%
Haití	1	0,18%
Iraq	1	0,18%
Italia	3	0,53%
Madagascar	1	0,18%
Marrocos	17	2,98%
México	1	0,18%
Nicaragua	1	0,18%
Nixeria	2	0,35%
O Salvador	2	0,35%
Palestina	1	0,18%
Paraguai	6	1,05%
Perú	8	1,40%
Portugal	7	1,23%
República dominicana	7	1,23%
Romanía	8	1,40%
Senegal	2	0,35%
Siria	1	0,18%
Uruguai	2	0,35%
Venezuela	10	1,75%
TOTAL	**571**	**100,00%**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Idade das beneficiarias

O 70% das beneficiarias teñen menos de 46 anos, **3 de cada 10 mulleres beneficiarias teñen unha idade entre os 36-45 anos.** Máis do 29% das mulleres beneficiarias teñen máis de 45 anos:

Gráfico 16. Beneficiarias da prestación por tramo de idade (ano 2022)



O 70,05% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN MENOS DE 46 ANOS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Situación familiar das beneficiarias

Máis da metade das beneficiarias teñen fillos/as, é dicir, 293 beneficiarias teñen polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo.

Táboa 7 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo (ano 2022)

Nº fillas/os	*N.º beneficiarias*	*Total fillas/os*
0 fillas/os	278	0
1 filla/o	163	163
2 fillas/os	97	194
3 fillas/os	28	84
4 fillas /os	3	12
5 fillas /os	2	10
TOTAL	**571**	**463**

MÁIS DO 51% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO

Segundo o número de fillas/os das beneficiarias, **o 22,77% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.**

Dos 463 menores ao cargo das beneficiarias, o 47,08% son nenas (218) e, polo tanto, o 52,9% son nenos (245).

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 17. Porcentaxe de beneficiarias por número de fillas/os menores a seu cargo (ano 2022)



52,9% DOS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS SON RAPACES

En relación á distribución xeográfica, nas provincias da Coruña e Pontevedra residen un 43% e un 31% dos fillos/as, respectivamente. Na provincia de Ourense residen o 11% dos fillos/as mentres que na provincia de Lugo só residen o 15%.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 18. Porcentaxe de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (2022)



Gráfico 19. Número de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2022)



Estas prestacións tamén recollen a **situación de especial vulnerabilidade** nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Beneficiarias con discapacidade

No ano 2022, do total de beneficiarias destas prestacións, **44 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade.** En relación á provincia onde residen, máis dun 52% destas mulleres residen na provincia da Coruña, un 31,82% na provincia de Pontevedra, en Lugo residen o 6,82% das beneficiarias con discapacidade e un 9,09% na provincia de Ourense.

7,71% DO TOTAL DE BENEFICIARIAS TEÑEN ACREDITADA UNHA DISCAPACIDADE

Gráfico 20. Porcentaxe de Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2022)



19 das fillas/os menores a cargo das Beneficiarias teñen acreditada unha discapacidade ou dependencia, o que representa un 3,33% do total de fillos/as a cargo das beneficiarias.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Gráfico 21. Porcentaxe de fillas/os menores a cargo das Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2022)



Situación laboral e económica das beneficiarias

A situación laboral das beneficiarias tamén está recollida nos criterios de adxudicación das prestacións.

MÁIS DO 78% DAS BENEFICIARIAS SON DESEMPREGADAS

Atendendo á situación laboral das beneficiaras no ámbito xeográfico no que residen, **máis do 35,73% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia da Coruña** seguida de Pontevedra, onde residen un 22,77% das beneficiarias desempregadas. Nas provincias de Lugo e Ourense residen o 8,76% e o 10,86% de beneficiarias desempregadas, respectivamente.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Táboa 8 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen (ano 2022)

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	204	59	263
Lugo	50	18	68
Ourense	62	9	71
Pontevedra	130	39	169
Total	**446**	**125**	**571**

Das 125 mulleres beneficiarias das prestacións que están empregadas, o 58,49% residen nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Gráfico 22. Porcentaxe mulleres empregadas e desempregadas por provincia (ano 2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

En relación ao **nivel de ingresos das mulleres beneficiarias**, este caracterízase por ser **inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) no 79,33% dos casos**. O valor do IPREM no ano 2022 foi de 579,02 €/mes e 8.106,28 €/ano en 14 pagas.

En termos provinciais **as beneficiarias de Pontevedra son as que teñen uns ingresos menores**, dado que o 82,25% das beneficiarias teñen ingresos inferiores ao IPREM. Na provincia de Ourense, só un 4% das beneficiarias teñen un ingreso superior en 1,5 veces ao IPREM e menor ou igual ao dobre do IPREM, mentres que nas outras provincias, entre un 6-13% das beneficiarias se atopan neste tramo de ingresos.

Gráfico 23. Número de beneficiarias segundo o nivel de Ingresos e provincia (ano 2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Tipoloxía das vítimas beneficiarias

Do total de beneficiarias **o 98,95 % son vítimas de violencia de xénero** (565 mulleres), un 0,88% son vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual (5 mulleres) e un 0,18% son vítimas de violencia vicaria (1 muller).

Gráfico 24. Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2022)



Tres de cada catro mulleres que acreditaron ser vítimas de violencia de xénero son españolas e unha de cada catro son estranxeiras.

Segundo a idade, máis do 69,91% das vítimas de violencia de xénero son menores de 46 anos.

Gráfico 25. Beneficiarias vítimas de violencia de xénero por tramo de idade (ano 2022)



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

As 5 mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2022 beneficiarias destas prestacións **son estranxeiras**.

Táboa 9 . Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual segundo a súa nacionalidade (ano 2022)

Nacionalidade	Nº beneficiaria
Brasil	1
Colombia	1
República Dominicana	1
Venezuela	2
Total	**5**

AS 5 BENEFICIARIAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL SON ESTRANXEIRAS

En relación ao lugar de residencia, dúas residen na provincia da Coruña e tres residen na provincia de Pontevedra.

Todos as mulleres acreditaron a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. A idade das vítimas de trata con fins de explotación sexual é menor de 45 anos, tres das vítimas tiñan entre 26 e 35 anos e dous entre 36 e 45 anos.

Todas as vítimas de trata con fins de explotación sexual atopábanse en situación de desemprego.

O 100% DAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL TIÑAN MENOS DE 45 ANOS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

A única muller vítima de violencia vicaria no ano 2022 beneficiaria destas prestacións **é de nacionalidade española**.

En relación ao lugar de residencia, acreditou residir na provincia da Coruña no momento da solicitude desta prestación.

A ÚNICA BENEFICIARIA VÍTIMAS DE VIOLENCIA VICARIA É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA

A idade da vítima de violencia vicaria tiña entre 46 e 45 anos, e acreditase a condición a través de sentencia xudicial.

A vítima atopábase en situación de desemprego e cuns ingresos inferiores o IPREM.

A ÚNICA BENEFICIARIA VÍTIMA DE VIOLENCIA VICARIA TIÑA INGRESOS INFERIORES O IPREM E ATOPÁBASE EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

4.3. Comparativa dos resultados da convocatoria do ano 2021 e 2022

No ano 2022 recibíronse **un 4,42% menos de solicitudes**, pasando de 746 solicitudes en 2021 ás 713 solicitudes de 2022.

Distribución xeográfica por provincia

En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña é a que rexistra un maior número de solicitudes** nos tres últimos anos, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo.

O incremento do número de concesións produciuse en dúas provincias **Ourense e da Coruña manténdose na provincia de Lugo, sendo esta a única provincia na que tamén aumentan o número de solicitudes.** En relación a esta, recibíronse 77 solicitudes no ano 2021 e 8 máis no ano 2022, 85 solicitudes, manténdose o total de 68 concesións para as dúas anualidades

Gráfico 26. Número de solicitudes e concesións por provincia comparativa ano 2021-2022



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

A provincia da **Pontevedra diminuíu o seu ratio de concesión de axudas con respecto ao total de concesións en Galicia,** pasando dun 41,83% das concesións totais en 2021 ao 29,60% no 2022. A provincia de **Ourense aumentou en 1 punto a súa representatividade no número de concesións totais** aumentando dun 11,43% no ano 2021 a un 12,43 no ano 2022. Tanto no caso da provincia da Coruña como Lugo aumentáronse ou mantivéronse o número de concesións con respecto ao total de Galicia, sendo unha subida de 4,23 puntos no caso da Coruña e no caso de Lugo manténdose con respecto ás cifras de 2021.

Acreditación da situación de violencia de xénero

En relación á acreditación da situación de violencia de xénero, tanto na convocatoria de 2020, 2021 como a de 2022, máis do 80% das acreditacións realizáronse a través de sentenzas xunto coas ordes de protección ou medidas cautelares, **incrementándose en 4,87 puntos a porcentaxe de sentenzas no ano 2022 con respecto ao 2021.**

Táboa 10. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria, comparativa ano 2021-2022

	Total 2022	Total 2021
Orde de protección ou medida cautelar	298	292
Sentenza	161	229
Informe do Ministerio Fiscal	10	2
Informe das FCS	5	2
Informe de Servizos Sociais o Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local	86	74
Informe dos Servizos de Acollida da Adm. Pública autonómica ou local	11	13
Total	**571**	**612**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Distribución polo grado de densidade de poboación

En termos territoriais, **diminuíuse a porcentaxe de vítimas de violencia de xénero beneficiaras destas prestacións que residen en zonas rurais**, pasando do 55,55% no ano 2021 a un 57,17% no ano 2022.

En conxunto, as zonas menos poboadas clasificadas como zonas intermedias de poboación ou zonas pouco poboadas representan á maioría dos lugares de residencia das beneficiarias. **Este ano descendeu o número de beneficiarias en zonas intermedias de poboación (ZIP),** pasando de 242 beneficiarias no ano 2021 en ZIP a 210 beneficiarias en ZIP no ano 2022.

Nas zonas densamente poboadas ZDP (as 7 principais cidades de Galicia), residen 27 beneficiarias menos no 2022 con respecto aos datos de ano anterior pasándose de 272 beneficiarias en ZDP en 2021 a 245 beneficiarias en ZDP en 2022.

Gráfico 27. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización comparativa dos anos 2021- 2022



CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

Nacionalidade

A información relativa á nacionalidade das beneficiarias confirma que se mantén desde o ano 2018 a mesma representatividade, **tres de cada catro beneficiarias teñen nacionalidade española. No último ano descendeu a porcentaxe de beneficiarias de países latinoamericanos nun 0,46 % con respecto ao ano 2021**, representando o 17,51% das beneficiarias no ano 2022.

Por nacionalidade, Arxentina case duplicou o número de beneficiarias, con 5 beneficiarias en 2022 e incrementaron a súa presenza as mulleres de Brasil, sendo 29 beneficiarias en 2022, 9 máis que no ano 2021 e 4 mulleres máis de nacionalidade cubana, con respecto ás cifras de 2021. Pola contra, as mulleres colombianas baixaron substancialmente a súa representatividade en 8 mulleres fronte aos datos do ano anterior, ao igual que Perú e Venezuela diminuíndo a súa representatividade en 5 e 4 mulleres respectivamente.

Idade

Facendo referencia á distribución por idade, **diminuíuse o número e a representatividade das mulleres menores de 46 anos, pasando dun 72,39% do total das beneficiarias no ano 2021 ao 70,05% no ano 2022.** O grupo de idade que era máis numeroso no ano 2021 eran as mulleres entre os 36 e os 45 anos, coincidente cos datos de 2022. Pola contra, as mulleres menores de 21 anos representaban o 5,07% das beneficiarias en 2021 e no 2022 diminúe a súa presenza ata o 3,68% do total de beneficiarias. Do mesmo xeito, as beneficiarias entre os 26 e os 35 anos máis numerosas no ano 2022 (27,15%) fronte ao 2021 (26,31%).

DO ANO 2021 AO 2022

DIMINUÍU UN 1,39% A PORCENTAXE DE BENEFICIARIAS MENORES DE 21 ANOS

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Fillos/as a cargo

En relación á súa situación familiar, no ano 2022 o 51% das beneficiarias (293 mulleres) tiñan polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo mentres que no ano 2021 esa cifra representaba o 51% das beneficiarias en termos porcentuais (315 mulleres).

Táboa 11 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo, comparativa ano 2022-2021

	2022		*2021*	
	N.º beneficiarias	**Total fillas/os**	**N.º beneficiarias**	**Total fillas/os**
0 fillas/os	278	0	297	0
1 filla/o	163	163	182	182
2 fillas/os	97	194	98	196
3 fillas/os	28	84	31	93
4 fillas /os	3	12	4	16
5 fillas /os	2	10	0	0
TOTAL	**571**	**463**	**612**	**487**

Segundo o número de fillos das beneficiarias, considérase relevante que, no ano 2022 un 22,77% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo dato moi similar ao do ano anterior no que serían un 21,73% as beneficiarias que teñen dous ou máis fillas/os. Do total de menores a cargo das beneficiarias, no ano 2021 o 52,92% son nenos e o 47,08% son nenas, cifras similares ás presentadas en 2021 con 50,5 % de nenos e un 49,5% de nenas.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Tendo en conta a distribución xeográfica, **no ano 2021 máis do 37% das rapazas e rapaces menores residen na provincia da Coruña, no 2022 ese dato da provincia da Coruña superaba o 43% do total de nenos/nas**. Pola contra, o 36 % dos nenos/as residían na de provincia de Pontevedra no ano 2021 mentres que no ano 2022 ese dato era próximo ao 31% do total de menores.

Situación de discapacidade

Estas prestacións tamén recollen a situación de especial vulnerabilidade nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

No ano 2022, 44 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade (o 7,71% do total das beneficiarias) **mentres que no ano anterior eran 51** as mulleres beneficiarias cunha discapacidade (o 8,33% do total das beneficiarias).

Por provincia de residencia, en Pontevedra 14 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade no ano 2022 mentres que nos dous anos anteriores as cifras mantivéronse en 20 mulleres. Na provincia da Coruña onde se incrementou o número de beneficiarias cunha discapacidade, no ano 2022 aumentou en 4 mulleres sendo o total de 23 mulleres que tiñan acreditada unha discapacidade no ano 2022 mentres que no ano 2021 eran 19. Na provincia de Ourense descendeu a 4 mulleres no ano 2022 (o 0,70% do total de beneficiarias dese ano) e da mesma maneira, na provincia de Lugo a 3 mulleres no ano 2022 (un 0,53% do total de beneficiarias do 2022).

Retomando a análise das **fillas/os menores a cargo** das beneficiarias, **pasouse de 17 menores que teñen acreditada unha discapacidade no ano 2021 a 19 menores no ano 2022**. E mentres que no ano 2021 máis da metade dos fillos/as a cargo das beneficiarias que teñen acreditada unha discapacidade residían na provincia de Pontevedra, no ano 2022, o 43% dos fillos/as cunha discapacidade residen na provincia da Coruña seguida pola provincia de Pontevedra cun 31%.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Situación laboral

No que respecta á **situación laboral das beneficiarias**, recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe, caracterízase por unha elevada porcentaxe de beneficiarias desempregadas. **Do ano 2021 ao ano 2022 a situación é moi similar, representando o total de beneficiarias cun traballo o 21,4% do total no ano 2021 e un 21,89% do total no ano 2022.**

Táboa 12 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen comparativa ano 2022-2021

Provincia	2022		2021	
	Desempregadas	*Empregadas*	*Desempregadas*	*Empregadas*
A Coruña	204	**59**	203	**53**
Lugo	50	**18**	49	**19**
Ourense	62	**9**	61	**9**
Pontevedra	130	**39**	168	**50**
Total	**446**	**125**	**481**	**131**

As beneficiarias cun posto de traballo residen principalmente na provincia da Coruña, manténdose unha representatividade de máis do 8% no ano 2021 e incrementándose a máis do 10% no ano 2022. Tanto na provincia de Lugo e Ourense incrementouse do ano 2021 ao 2022 o número de beneficiarias traballando, nun 0,05% e nun 0,10% respectivamente. Na provincia de Ourense reduciuse a porcentaxe de mulleres cun traballo dun 1,47% do total de beneficiarias no ano 2021 a un 1,58% no ano 2022.

Tipoloxía das beneficiarias:

Vítimas de trata con fins de explotación sexual

Respecto á tipoloxía de beneficiarias da convocatoria, **aumentaron os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, dos 2 casos en 2021 aos 5

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envío: 06/06/2023 09:53:08.566

acreditados no ano 2022. Do mesmo xeito, estas vítimas pasan de representar o 0,33% das beneficiarias das presentacións no 2021 ao 0,8% do total de beneficiarias no ano 2022.

Nas provincias da Coruña e Pontevedra as vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2022 veuse incrementado a 2 e 3 respectivamente, fronte a ningunha no ano anterior. As outras provincias non teñen vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2022.

Estas vítimas seguen sendo todas elas estranxeiras, no ano 2021 as vítimas eran de 2 países diferentes, todos os países latinoamericanos. No ano 2022 estas vítimas, son latinoamericanas procedentes de Colombia, Brasil, República Dominicana e Venezuela.

AUMENTARON NUN 60% OS CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, PASANDO DE 2 EN 2021 A 5 BENEFICIARIAS EN 2022

No ano 2022 non se rexistrou ningunha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual menor de 20 anos, sendo maioritariamente mulleres entre os 26 e os 45 anos. No ano anterior, rexistrárase unha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual menor de 20 anos, atopándose a outra vítima entre os 21 e os 25 anos.

No ano 2022 é maior a porcentaxe de beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual que teñen fillas/os, un 20% do total dese ano. No ano anterior ningunha das beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual tiñan fillas/os.

Todas as beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2022 acreditan a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, ao igual cos datos rexistrados no ano anterior.

Nos dous anos obxecto de estudo as vítimas eran desempregadas.

Vítimas de violencia vicaria

Respecto á tipoloxía de beneficiarias da convocatoria, este é o primeiro ano onde se ven recollidos **os casos de vítimas de violencia vicaria**, vítimas que ate a modificación no ano 2021 da Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo non se recollían no presente informe.

No ano 2022, os casos de vítimas de violencia vicaria beneficiarias da convocatoria relacionouse nunha vítima, representando o 0,17% das beneficiarias das prestacións.

No ano 2022, a única vítima beneficiaria ten un fillo/a ao cargo, tendo a mesma unha ideade, comprendida entre os 46 e 55 anos, e residindo na provincia da Coruña.

Todas as beneficiarias vítimas de violencia vicaria no ano 2022 acreditan a súa condición de vítima de violencia vicaria mediante sentenza.

A vítima atopábase en situación laboral de desemprego no ano 2022.

A ÚNICA BENEFICIARIA VÍTIMA DE VIOLENCIA VICARIA TEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

5. CONCLUSIÓNS

O programa de **prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero** apoia e favorece desde o ano 2006 a independencia económica das vítimas e impulsa o seu empoderamento. A continuación recóllese os principais datos deste programa.

Datos Globais:

- **Financiamento:** nos 17 anos de execución concedéronse prestacións por unha suma total superior aos 54 millóns de euros.

54.678.548,81 €

ORZAMENTO NO PERÍODO 2006-2022

- **Incremento orzamentario**: desde o ano 2017 no que case se duplicou o orzamento, pasando de 2,4 millóns de euros no ano 2016 a 4 millóns de euros no 2017, todos os anos se superaron os 4 millóns de euros de orzamento, superándose nos últimos catro anos os 5 millóns de euros. En termos globais, desde o ano 2006 triplicouse o diñeiro destinado a este programa.

- **Concesións:** desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas é superior ao 70% das solicitudes presentadas anualmente. No último ano 2022, o número de concesións supera o 80% das solicitudes recibidas.

- **Evolución do número de Beneficiarias:** as beneficiarias dos últimos 5 anos representan máis do 44% do total de mulleres apoiadas desde a creación das prestacións fai 17 anos.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

6.737 BENEFICIARIAS

DESDE O ANO 2006

- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, máis do 46 % do total, seguida de Pontevedra cun 29,60%, Ourense cun 12,43% e, finalmente, Lugo co 11,91% das beneficiarias. A provincia da Coruña tamén ten o maior ratio de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.

Prestación periódica para mulleres que sobren violencia de xénero no 2022

5.050.000,00 €

ORZAMENTO ANO 2022

571 BENEFICIARIAS

ANO 2022

- **Orzamento:** o orzamento de 2022 supera en máis de 3.200.000 € o orzamento do ano 2006.

- **Beneficiarias:** a porcentaxe de prestacións totais que foron concedidas no ano 2022 foi dun 80%. Destas concesións, en termos xeográficos, a provincia da Coruña cun 83,49% ten o maior ratio de beneficiarias das concesións con respecto ás solicitudes presentadas nas demais provincias.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

- **Acreditacións da situación de violencia de xénero**: na convocatoria do ano 2022, máis do 80% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia de xénero con medidas xudiciais.

- **Beneficiarias en núcleos rurais:** o 57% das beneficiarias do ano 2022 residen en zonas intermedias ou pouco poboadas, vivindo nestas últimas (ZPP) máis do 20% do total de beneficiarias.

- **Beneficiarias por lugar de residencia:** O 42,83 % das beneficiarias residen en zonas densamente poboadas, das cales o 20,10% viven nas principais cidades da provincia da Coruña (A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela). O 11,36% das beneficiaras totais residen en Pontevedra capital e en Vigo. No concello de Lugo e no de Ourense residen o 4,90% e o 6,47% do total de beneficiarias, respectivamente.

42,83% DAS BENEFICIARIAS DO ANO 2022 RESIDEN EN ZONAS DENSAMENTE POBOADAS

- **Nacionalidade das beneficiarias:** no ano 2022 tres de cada catro beneficiarias tiñan nacionalidade española.

- **Idade das Beneficiarias:** o 70% das beneficiarias da convocatoria do ano 2022 tiñan menos de 46 anos.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

40,63% DAS BENEFICIARIAS DO ANO 2022 SON MENORES DE 36 ANOS

- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo:** 293 mulleres, é dicir, o 51% das beneficiarias teñen fillas/os ao seu cargo no ano 2022.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 218 rapazas e 245 rapaces son os menores a cargo das beneficiarias na última anualidade.
- **Beneficiarias e fillas/os menores ao seu cargo cunha discapacidade acreditada:** o 7,71% das beneficiarias acreditaron unha discapacidade (44 mulleres) e 19 menores, o 3,33% do total de rapaces/as a cargo das beneficiarias tamén acreditan esta situación.
- **Información laboral e económica das beneficiarias:** no ano 2022, o 78,11% das beneficiarias estaban desempregadas. En termos de renda, soamente un 20,67% das beneficiarias teñen un nivel de ingresos superior ao IPREM.
- **No ano 2022 acreditáronse 5 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, representando o 0,80% do total de beneficiarias un 60% máis que no ano 2021, no que se rexistraron 2 casos.
- **No ano 2022 concedeuse unha axuda a unha muller vítima de violencia vicaria.**

21,89% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN UN EMPREGO E DESTAS O 78,40% RESIDEN NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:08
Nº Rexistro: 54095
Data envio: 06/06/2023 09:53:08.566

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/06/2023 7:53:00

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925
Data 06/06/2023 09:53

Coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, trasládolle o "**Informe sobre as violencias sexuais exercicio 2022**", para a súa remisión aos Grupos Parlamentarios.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/06/2023 09:53:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

INFORME

SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS

EXERCICIO 2022

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

XUNTA DE GALICIA

Informe sobre as violencias sexuais 2022

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

Abril de 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

ÍNDICE

1. CONCEPTO, CONTEXTO E MARCO LEGAL A 2022 3
1.1. Concepto: ¿Que é a violencia sexual? 3
1.2. Contexto global e europeo 3
1.3. Contexto: España 9
2. SITUACIÓN REAL E ACTUALIZADA A 2022 12
2.1. Cifras e evolución en España 12
2.1.1. Introdución 12
2.1.2. Representación territorial dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual 16
2.1.2.1. Análise por comunidades autónomas 16
2.1.2.2. Análise por provincias 17
2.1.2.3. Análise desagregada das vitimizacións 17
2.1.2.4. Análise das vitimizacións segundo o perfil das vítimas: tipoloxía penal, sexo e idade 19
2.1.2.5. Análise das vitimizacións segundo a nacionalidade da vítima 20
2.1.2.6. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima comparándoo cos grupos de idade 21
2.1.2.7. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima: relación vítima/autor, sexo e idade 22
2.1.2.8. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade 23
2.1.2.9. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: sexo e nacionalidade 25
2.2. Cifras e evolución en Galicia 26
2.2.1. Análise trimestral do conxunto de Galicia 26
2.2.2. Análise provincial 30
2.2.2.1. A Coruña 31
2.2.2.2. Lugo 35
2.2.2.3. Ourense 40
2.2.2.4. Pontevedra 44
2.2.2.5. Distribución provincial 48
2.2.3. Delitos por cada 10.000 habitantes 51

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

2.3. Análise local. Concellos máis representativos 52
2.3.1. Concello de Santiago de Compostela 52
2.3.2. Concello da Coruña 55
2.3.3. Concello de Vigo 58
3. A REALIDADE DETRÁS DOS NÚMEROS 61
3.1. Contexto Galicia: unha comunidade pioneira na prevención e tratamento da violencia de xénero 67
3.2. A ciberviolencia sexual 69
3.3. Programas desenvoltos en Galicia 72
4. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE ESTUDO 85

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

1. CONCEPTO, CONTEXTO E MARCO LEGAL A 2022

1.1. Concepto: ¿Que é a violencia sexual?

Enmarcada na área e conceptualización da violencia de xénero ou violencia contra as mulleres por razón de sexo, a definición máis global, máis estendida e referenciada, é a da Organización Mundial da Saúde (OMS):

"Todo acto sexual, a tentativa de consumar un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo".

1.2. Contexto global e europeo

A violencia sexual nas súas múltiples manifestacións constitúe unha forma de violencia por razón de xénero, unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos, cuxas secuelas físicas e psicolóxicas, nalgúns casos, poden persistir para sempre. As violencias sexuais, incluída a violación, afectan de maneira desproporcionada ás mulleres, representando formas de agresión e dominación por razón de xénero.

A Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller (1993), ratificada na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Beijing, 1995), define a violencia contra a muller e sinala que esta violencia inclúe *"a violencia física, psicolóxica e sexual que se produce na familia incluídos os malos tratos, a violación polo marido, o abuso sexual das nenas no fogar, a mutilación xenital feminina e outras prácticas nocivas para a muller, os actos de violencia perpetrados por outros membros da familia e a violencia referida á explotación; a violencia física, psicolóxica e sexual perpetrada dentro da comunidade en xeral: a violación, o abuso sexual, o acoso e a intimidación sexuais no traballo ou en institucións educacionais, o tráfico de mulleres e a prostitución forzada; e a violencia física, psicolóxica ou sexual perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra".*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

A definición de violencia sexual da OMS "por ser ademais a conceptualización de referencia, foi complementada nos últimos decenios por unha ampla xurisprudencia" a nivel rexional e internacional "que foi configurando un marco conceptual cada vez máis avanzado, e que permite analizar os elementos constitutivos da violencia sexual, os ámbitos nos que esta se produce, así como a responsabilidade dos Estados na súa obriga de respectar, protexer e facer cumprir os dereitos humanos".

O Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller que vixía o cumprimento da Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (Comité CEDAW, polas súas siglas en inglés), e outros organismos internacionais de dereitos humanos lembran que ao ser a violencia sexual unha manifestación da violencia por razón de xénero, as súas causas atópanse arraigadas nos desequilibrios estruturais de poder e na discriminación e a desigualdade estrutural entre homes e mulleres.

A violación, o acoso sexual, a trata e a mutilación xenital feminina son formas de violencia que representan unha agresión á sexualidade feminina. Finalmente, o Comité CEDAW recoñeceu que *"a opinio juris e a práctica dos Estados que dan a entender que a prohibición da violencia por razón de xénero contra a muller pasou a ser un principio do dereito internacional consuetudinario"*.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, máis coñecido como "Convenio de Istambul", conmemorou no 2021 o décimo aniversario da súa creación (2011-2021).

O Convenio de Istambul recolle como principios fundamentais un enfoque baseado na igualdade e a non discriminación e na dilixencia debida dos Estados. Isto último refírese a que os Estados *"non só deben absterse de cometer calquera acto de violencia de xénero, senón que son responsables de garantir a protección das vítimas e a prevención e sanción daquelas ofensas perpetradas por actores privados"*. Para iso, o Convenio propón un enfoque multidisciplinar que se coñece como "as 4 Ps":

- Prevención
- Protección
- Persecución
- Políticas integradas

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

Outro aspecto importante do Convenio de Istambul é que transcende o contido habitual dun tratado de dereitos humanos e busca a harmonización dos sistemas criminais dos estados membros para que estes inclúan as distintas formas de violencia contra a muller, incluíndo a violencia física, o acoso (*stalking),* a violencia psicolóxica, a violencia sexual, o matrimonio forzado, a mutilación xenital feminina, a esterilización forzada, o aborto forzado e o acoso sexual.

Estes instrumentos internacionais de dereitos humanos establecen que os Estados teñen a obriga de poñer todos os medios para combater todas as formas de violencia contra as mulleres e nenas por razón de xénero, incluída a sexual, actuando coa "dilixencia debida" no marco da prevención e a investigación, a sanción aos responsables, a asistencia e a reparación integral ás vítimas.

No contexto europeo, débese destacar que en setembro de 2021 o Parlamento Europeo votou a favor da definición da violencia de xénero como eurodelito, é dicir, como un novo ámbito delituoso en virtude do Artigo 83 do Tratado da UE, xunto a outros delitos que hai que combater con criterios comúns, como o tráfico de persoas, drogas e armas, a ciberdelincuencia e o terrorismo.

En outubro de 2021, o Parlamento Europeo urxiu a tomar medidas para protexer ás vítimas nas disputas pola custodia dos fillos e fillas. Ademais, defendeu que ao avaliar solicitudes de custodia, nos casos en que se sospeite

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

de violencia de parella, as audiencias deben ter lugar nunha contorna adaptada aos nenos e por profesionais capacitados.

Estas modificacións e recoñecementos legais abordaron as seguintes cuestións:

- O acoso en liña.
- A violación da privacidade.
- A gravación e o intercambio de imaxes de agresións sexuais.
- O control ou a vixilancia a distancia (incluídas as aplicacións espía).
- As ameazas e as chamadas á violencia.
- A incitación ao odio sexista.
- A indución á autolesión.
- O acceso ilegal a mensaxes ou contas de redes sociais.
- O incumprimento das prohibicións de comunicación impostas polos tribunais.
- A trata de seres humanos.

Estas modificacións son as que impulsaron cambios normativos nos estados membros, nun primeiro lugar, e despois nas diferentes comunidades autónomas, como acontece no ámbito español.

Este ano a nivel europeo, como se recolle en publicacións procedentes da euro cámara de marzo de 2022, a Comisión Europea propuxo novas normas para loitar contra a violencia de xénero o 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Tal e como manifestou María Soleto na súa intervención ante o Parlamento Europeo con ocasión do encontro Renew Europe *"Unha de cada 3 mulleres foron vítimas de violencia de xénero na Unión Europea, 1 de cada 10 mulleres de violencia sexual e 1 de cada 20 foron violadas. Estes son algúns dos datos que mostran a dramática situación da violencia contra as mulleres en Europa"*.

O 8 de marzo de 2022, a Comisión Europea presentou unha proposta de directiva da UE sobre a loita contra a violencia exercida sobre as mulleres e a violencia doméstica.

Esta nova directiva quere ir un paso máis aló na loita contra a violencia, contemplando na tipificación de delitos de violencias prácticas como a

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

mutilación xenital feminina ou o ciberacoso. Ademais, aborda tamén temas como o respecto da privacidade e o apoio ás mulleres vítimas de abusos.

A nova directiva deberá establecer unhas normas mínimas para os tipos penais e as sancións, incluída a definición da prescrición destes delitos.

En definitiva, pódese concluír que a nova proposta de directiva inclúe medidas para previr, protexer e perseguir eficazmente os delitos, incluído o acoso por internet.

O 5 de maio aprobouse no Parlamento Europeo unha Resolución sobre o impacto da guerra contra Ucraína nas mulleres.

Este conflito está a afectar de maneira específica a mulleres e nenas, aumentando as desigualdades preexistentes.

Segundo o documento publicado e como se recolle en datos ofrecidos polo Observatorio de la Violencia de Género de la Fundación Mujeres, *mulleres e nenas corren un especial risco durante este tipo de crise en relación ás violencias que as afectan particularmente: violencia sexual e de xénero*.

Un artigo específico deste Observatorio sobre a resolución do Parlamento Europeo con referencia a situación da guerra de Ucraína destaca que "*Esta resolución condena, especialmente, o uso da violencia sexual e de xénero que están a sufrir as mulleres durante o conflito. Este tipo de violencia está a ser empregada polo exército ruso como arma de guerra, constituíndo un crime de guerra con arranxo ao dereito internacional"*. Por iso, no texto pídese á Unión Europea que "adopte unha resposta con perspectiva de xénero "ante a crise" dando prioridade "á protección fronte á violencia sexual e de xénero".

Así, destaca a necesidade de que "*os países conten con programas de apoio especializado para as mulleres e nenas sobreviventes de violencia, abordando as súas necesidades específicas e garantindo que estes servizos estean accesibles en linguas e formatos accesibles a todas elas*."

O Observatorio nesta publicación tamén denuncia *a falta de acceso adecuado á saúde sexual e reprodutiva tanto para as mulleres que seguen no país como para as refuxiadas que chegan a terceiros países da Unión Europea, xa que se están atopando con certos obstáculos nalgúns destes países. Por exemplo, nalgúns deles estes servizos non están cubertos pola sanidade pública ou mesmo, en países como Polonia, onde o aborto non está permitido, as mulleres que así o desexan non poden poñer fin ao seu embarazo.*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

Por iso, a resolución fai fincapé no deber de garantir ás mulleres e nenas o acceso continuado aos servizos de saúde sexual e reprodutiva e, en particular, a anticonceptivos de emerxencia e ao aborto, tamén para as sobreviventes de violencia sexual.

Segundo o Observatorio, *"A guerra en Ucraína está a crear as condicións necesarias para que se produza un auxe de trata de seres humanos, aumentando o número de denuncias e atopándose particularmente en risco mulleres, nenas e nenos, debido á situación de vulnerabilidade derivada do conflito"*.

En particular, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual "por proxenetas, donos de prostíbulos e compradores de servizos sexuais" é a que representa un dos maiores riscos para as refuxiadas que foxen do conflito. Por iso, a resolución insta aos Estados membros a que garantan "a seguridade e a ausencia de explotación sexual das mulleres e nenas refuxiadas", detectando e perseguindo ás redes de trata mediante a vixilancia dos lugares utilizados por tratantes de seres humanos para a captación de vítimas (estacións, aeroportos, centros de acollida...) e reitera, ademais, que "a prostitución fomenta a trata de mulleres vulnerables".

En canto ás mulleres que seguen en Ucraína, segundo informa o propio Parlamento Europeo, este anima á UE para utilizar todas as medidas e fondos á súa disposición para garantir os seus dereitos á saúde sexual e reprodutiva. Os eurodeputados tamén piden enviar kits de hixiene e de saúde sexual e reprodutiva, incluídos anticonceptivos, en convois e paquetes humanitarios a Ucraína e aos países de tránsito ou de acollida de refuxiados. Para facilitar a integración das mulleres refuxiadas nos países de acollida, a resolución expón permitir o seu acceso ao mercado laboral tan pronto como sexa posible, así como facilitarlles cursos de idioma e servizos de coidado de nenos.

Por último destacar que, no mes de setembro de 2022, 38 Estados membros subscribiron a "Declaración de Dublín" na que se comprometen a adoptar unha serie de medidas para promover a igualdade de xénero co obxectivo de axudar a previr a violencia doméstica, sexual e de xénero.

A declaración inspírase integramente no Convenio de Istambul do Consello de Europa sobre a violencia contra as mulleres e nas conclusións das expertas e expertos sobre como se aplicou o convenio ata o de agora por parte dos países.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

1.3. Contexto: España

"As violacións aumentaron un 38,2% nos primeiros nove meses de 2022 se se compara co mesmo período de 2019, ano previo á pandemia de Covid-19, segundo a estatística do Ministerio do Interior, que recoñece unha "tendencia de forte aumento" nos delitos sexuais". Así se recolle en numerosos titulares de prensa en referencia as violencias sexuais no ano 2022.

O número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual aumentou case un 90% en España entre 2012 e 2021.



Nun momento no que se entende consolidado o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no mes de setembro publicouse a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que no seu preámbulo recolle polo miúdo unha exposición de motivos onde se indica que, *as violencias sexuais non son unha cuestión individual, senón social; e non se trata dunha problemática conxuntural, senón estrutural, estreitamente relacionada cunha determinada cultura sexual arraigada en patróns discriminatorios que debe ser transformada.*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

*Ao mesmo tempo que se inflixe un dano individual a través da violencia sobre a persoa agredida, repercútese de forma colectiva sobre o conxunto das mulleres, nenas e nenos que reciben unha mensaxe de inseguridade e dominación radicado na discriminación, e sobre toda a sociedade, na reafirmación dunha orde patriarcal. Por iso, a resposta a estas violencias debe emerxer do ámbito privado e situarse indiscutiblemente na esfera do público, como unha cuestión de Estado***.**

Segundo se recolle no mesmo:

"Esta lei orgánica pretende dar cumprimento ás mencionadas obrigas globais en materia de protección dos dereitos humanos das mulleres, as nenas e os nenos fronte ás violencias sexuais, integrándose tamén na política exterior española; e, seguindo o mandato do artigo 9.2 da Constitución, remover os obstáculos para a prevención destas violencias, así como para garantir unha resposta adecuada, integral e coordinada que proporcione atención, protección, xustiza e reparación ás vítimas. Para iso, esta lei orgánica estende e desenvolve para as violencias sexuais todos aqueles aspectos preventivos, de atención, sanción, especialización ou asistencia integral que, estando vixentes para outras violencias, non contaban con medidas específicas para poder abordar de forma adecuada e transversal as violencias sexuais. Ademais, como novidade, desenvólvese o dereito á reparación, como un dos eixos centrais da responsabilidade institucional para lograr a completa recuperación das vítimas e as garantías de non repetición da violencia".

A lei orgánica consta dun título preliminar, oito títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria, e vinte e cinco disposicións finais, adoptando unha perspectiva integral e nova no ámbito das violencias sexuais.

Neste sentido, a norma xustifícase no seu texto por unha razón de interese xeral, como é a necesidade de erradicar as violencias sexuais que sofren as mulleres de todas as idades e os nenos e nenas. Esta é unha realidade innegable no noso país, como ilustran, entre outros, os datos achegados fai anos e en continuo crecemento actualmente, pola *"Macroencuesta sobre Violencia Contra la Mujer 2019"*.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

No propio preámbulo da mesma norma, na parte IV, o propio texto recolle que:

"A porcentaxe de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España que sufriron violencia sexual fóra do ámbito da parella ao longo da vida é do 6,5%.

É dicir, 1.322.052 mulleres sufriron este tipo de violencia e o 0,5% (103.487) nos últimos 12 meses.

Un 2,2% (453.371 mulleres) do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España foron violadas algunha vez na súa vida."

Estes datos son en realidade unha aproximación de mínimos, pois trátase da prevalencia revelada, pero debe terse en conta que é probable que as mulleres que sufriron os casos máis graves non sexan capaces de contalo nunha enquisa como esta debido ao trauma que supón.

"No caso das nenas menores de 16 anos, a porcentaxe é do 3,4%, o que se traduce nunhas 703.925 nenas vítimas de violencias sexuais.

Ademais, o 12,4% das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella di que nalgunha das agresións sexuais participou máis dunha persoa. Finalmente, case no 50% (40,6%) dos casos, a violencia repetiuse máis dunha vez."

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

2. SITUACIÓN REAL E ACTUALIZADA A 2022

2.1. Cifras e evolución en España

2.1.1. Introdución

No mes de novembro de 2022 o Ministerio do Interior fixo públicos os datos do ano 2021 en materia de violencia sexual, recollidos no seu "Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual". Preséntanse a continuación un extracto dos datos recollidos nese informe referidos ao conxunto de España, mencionando as características máis destacables de cada apartado.

- Feitos coñecidos rexistrados. Datos anuais.



Segundo os datos do Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, nos feitos coñecidos rexistrados pódese observar un incremento nos últimos anos pese ao rexistro dun leve descenso reflectido no ano 2020:

- Ano 2015: 9.869
- Ano 2016: 10.844
- Ano 2017: 11.692
- Ano 2018: 13.782
- Ano 2019: 15.319
- Ano 2020: 13.174
- Ano 2021: 17.016

Dende o ano 2015 ata o ano 2021 incrementáronse os delitos sexuais en España un 72.41%, destacando unha forte subida de 3.842 casos no ano 2021.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

- Feitos coñecidos rexistrados. Tipoloxías penais

TIPOLOGÍA PENAL	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	3.712	4.549	4.774	6.066	6.826	5.616	7.748
AGRESIÓN SEXUAL	1.626	1.684	1.806	1.917	2.059	1.660	2.313
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	1.229	1.249	1.387	1.700	1.873	1.596	2.143
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	439	544	749	1.044	1.206	1.189	1.652
PORNOGRAFÍA DE MENORES	748	621	767	892	866	762	739
EXHIBICIONISMO	716	701	657	664	690	612	683
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	432	368	400	268	369	350	347
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	239	365	394	442	527	575	534
ACOSO SEXUAL	251	335	354	443	540	476	528
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	376	304	266	247	248	216	229
PROVOCACIÓN SEXUAL	101	124	138	99	115	122	100
TOTAL	9.869	10.844	11.692	13.782	15.319	13.174	17.016

No ano 2021, dos 17.016 delitos sexuais rexistrados, a tipoloxía penal clasifícase da seguinte maneira:

- Abuso sexual: 7.748, o 45.53%
- Agresión sexual: 2.313, o 13.59%
- Agresión sexual con penetración: 2.143, o 12.59%
- Abuso sexual con penetración: 1.652, o 9.70%
- Pornografía de menores: 739, o 4.34%
- Exhibicionismo: 683, o 4.01%
- Corr. Menores / pers. Con discapac.: 347, o 2.03%
- Contacto tecnoloxía menor de 16 anos: 534, o 3.13%
- Acoso sexual: 528, o 3.10%
Neste senso, ponse de manifesto a vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual cando deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan, por iso desde a Secretaría Xeral da Igualdade considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación.

No ano 2022 beneficiáronse destes recursos un total de 24 mulleres e 4 nenos.

- **Accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual e trata, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia**

No ano 2022 a **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** asinou convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata, para o desenvolvemento de accións de información, sensibilización e prevención da violencia sexual e da trata, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes.

A finalidade principal destas accións é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes.

Por outra banda, permite a máxima difusión dos recursos e ferramentas entre a poboación inmigrante, para prestar apoio directo ás vítimas, incluíndo as axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais.

A Rede Galega contra a Trata, está formada por entidades con experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ ou laboral, e que desenvolven en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Os resultados neste eido son os seguintes:

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

Nº. de accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas: 181

Nº de participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres: 3.249

Ademais realizáronse diferentes accións de sensibilización e prevención como foi a organización e desenvolvemento da XI Xornada da Rede galega contra a trata sexual, que tivo lugar o 20 de outubro de 2022 co título "Prostitución, Pornografía, Explotación Sexual, Trata. A realidade da súa relación".

- **Actuacións no marco do Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero**

Con data 12 de setembro de 2012 a **Secretaría Xeral da Igualdade** e a **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo, modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade.

O 15 de novembro de 2017, ambas institucións asinaron un novo acordo de colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

Os obxectivos que se perseguen na colaboración entre a rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a Secretaría Xeral da Igualdade son:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras.

A finais de 2022 constan adheridas a esta Rede un total de 224 entidades locais, coa seguinte desagregación:

Provincia	Nº
A Coruña	79
Lugo	44
Ourense	55
Pontevedra	46
Total	**224**

Fonte: *Secretaría Xeral da Igualdade*

No marco deste protocolo no ano 2022 dende a Secretaría Xeral da Igualdade ofertáronse varias actividades ás entidades locais adheridas, entre elas Obradoiros sobre Violencia de xénero e o novo contexto dixital e Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual.

CONCESIÓNS POR PROVINCIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Violencia de xénero e novo contexto dixital	8	7	1	4	**20**
Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual	7	3	2	3	**15**
TOTAL	**15**	**10**	**3**	**7**	**35**

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Obradoiros sobre "Violencia de xénero e o novo contexto dixital"**, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, *grooming*, *sexting*...

  O obxectivo xeral que se pretende abordar a través das sesións formativas deste obradoiro é, principalmente, sensibilizar sobre a violencia nas redes e a ciberviolencia de xénero no contexto da internet.

  Para iso trabállase na transmisión de coñecementos e conceptos básicos relacionados co xénero, a igualdade, o respecto á intimidade, e unha boa convivencia na rede e bo uso das redes sociais.

  Todo iso con enfoque de xénero, e tratando de eliminar estereotipos que perpetúan actitudes sexistas tamén no contexto dixital.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

Posto que o programa ten unha perspectiva preventiva, trátase de dotar ao alumnado coas ferramentas necesarias para poder tomar consciencia do problema real, e que á súa vez desenvolvan o pensamento crítico e a autoavaliación e autoexploración das propias condutas e actitudes. Isto resulta vital para poder determinar o papel que xogan nas situacións referidas, así como as posibles consecuencias do uso que fan da internet e as novas tecnoloxías, para poder comezar a vivir un cambio real.

Dentro desta perspectiva preventiva abórdanse dun xeito directo os obxectivos específicos do programa, sendo en definitiva, os seguintes:

- Sensibilizar acerca de violencia de xénero e ciberviolencia de xénero entre os e as novas.
- Favorecer a reflexión persoal sobre o respecto, a intimidade e as boas prácticas nos contextos dixitais e as redes sociais.
- Informar sobre os riscos na rede: *sexting*, *grooming*, *ciberbullying* e ciberviolencia dos que poden formar parte os e as menores de idade.

No ano 2022 os Concellos nos que se desenvolveu este programa son os seguintes:

Na provincia da Coruña, este programa desenvolveuse en A Pobra do Caramiñal, Brión, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carnota, Mazaricos, Monfero e Muros; Na provincia de Lugo, desenvolveuse en Láncara, Mondoñedo, Outeiro De Rei, Portomarin, Ribas De Sil, Samos e Viveiro; Na provincia de Ourense desenvolveuse en A Pobra de Trives; Na provincia de Pontevedra, desenvolveuse en Caldas de Reis, Cangas, Mos e Ponte Caldelas.

Dentro do programa incorpóranse **charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual,** que se levan a cargo por o persoal especializado e que se desenvolveron nos seguintes 15 concellos.

Na provincia de Coruña, este programa desenvolveuse en Ames, Carballo, Outes, Neda, Porto do Son, Rois e Sada; Na provincia de Lugo, desenvolveuse en Chantada, Pantón e Sober; Na provincia de Ourense, desenvolveuse en Castrelo de Miño e Xinzo de Limia; Na provincia de Pontevedra, desenvolveuse en Gondomar, Lalín e Tui.

- **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

A constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero tivo lugar o 5 de maio de 2014, presido polo Vicepresidente da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero** como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

O Observatorio actúa en Pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear.

O primeiro (GT1), encargado da Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico. O grupo rematou o seu traballo coa elaboración do citado Protocolo.

O segundo (GT2), "A voz das vítimas, encargouse de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións. Os seus traballos remataron, e del extraeuse un documento de recomendacións que integra en parte o Protocolo autonómico.

O terceiro grupo (GT3), traballa a abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. O grupo está aínda operativo. Este grupo de traballo foi o encargado de elaborar a "Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo"

O GT4.- "Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual." Foi creado na xuntanza anual do Pleno do Observatorio que tivo lugar en decembro de 2019.

Durante o ano 2022, o pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero reuniuse en dúas ocasión:

O 28 de xaneiro de 2022, para presentar a Guía de Trata elaborada no Grupo de Traballo do Observatorio (GT4), avanzar o contido do Plan Estratéxico contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, e informar sobre o Pacto de Estado e o Programa España Te Protege III.

Así mesmo, o 28 de setembro de 2022, tivo lugar o Pleno no que se aprobaron os procedementos elaborados pola Consellería de Sanidade ante os casos de

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 06/06/2023 09:53:18.925

submisión química e agresións sexuais. No mesmo tamén se deu conta do I Plan contra a Trata de persoas con fins de explotación sexual.

4. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE ESTUDO

- https://fundacionmujeres.es/noticias/marisa-soleto-ponente-en-el-parlamento-europeo-en-el-encuentro-renew-europe/
- https://spain.representation.ec.europa.eu/noticias-eventos/noticias-0/la-nueva-propuesta-de-la-comision-europea-para-combatir-la-violencia-de-genero-2022-03-22_es
- https://observatorioviolencia.org/el-parlamento-europeo-condena-la-violencia-y-la-explotacion-sufrida-por-las-mujeres-en-la-guerra-en-ucrania/
- https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2022-0206_ES.pdf
- https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20220429IPR28229/el-pe-pide-proteger-a-las-refugiadas-de-ucrania-de-la-violencia-y-la-explotacion
- https://www.coe.int/es/web/portal/-/european-justice-ministers-adopt-dublin-declaration-on-preventing-violence-through-equality
- https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/blog/historia/articulo/10-datos-sobre-violencia-sexual/
- *https://www.legaltoday.com/practica-juridica/derecho-penal/penal/cuestiones-mas-significativas-de-la-ley-organica-10-2022-de-6-de-septiembre-de-garantia-integral-de-la-libertad-sexual-2022-10-31/*
- (https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/Noticias-Judiciales/El-TSXG-reconoce-a-una-victima-de-trata-con-fines-de-explotacion-sexual-el-derecho-a-cobrar-la-renta-activa-de-insercion-)
- Neus Herrera y María Luisa Garces de los Fayos, Equipo de Mujeres de Amnistía Internacional, 13 de mayo de 2022.
- https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2022-0206_ES.pdf
- https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20220429IPR28229/el-pe-pide-proteger-a-las-refugiadas-de-ucrania-de-la-violencia-y-la-explotacion
- https://www.legaltoday.com/practica-juridica/derecho-penal/penal/cuestiones-mas-significativas-de-la-ley-organica-10-2022-de-6-de-septiembre-de-garantia-integral-de-la-libertad-sexual-2022-10-31/
- https://observatorioviolencia.org/
- https://www.pantallasamigas.net/estudio-usc-nuevas-formas-ciberviolencia-sexual-conductas-sexuales-online-ambito-universitario/
- Estudio presentado por Save the Children, Los abusos sexuales hacia la infancia en España
- https://www.europarl.europa.eu/news/

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

- OMS: https://www.who.int/es
- ¿Cómo aborda la UE la violencia de género? | Noticias | Parlamento Europeo (europa.eu)
- Memoria da Fiscalía Xeral do Estado: (MEMFIS 2022)
- "Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero"
- https://noticias.juridicas.com/
- Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en España 2022.
- Título VIII de Libro II do Código penal (arts.178 ao 194)
- https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/portal/balances.html
- Balance Trimestral de Criminalidade
- geoviolenciasexual.com (2021). ¿Qué es la violencia sexual?
- https://geoviolenciasexual.com/3-radiografia-de-la-violencia-sexual-las-cifras/
- Ciberviolencia sexual de género
- El ejercicio de la violencia sexual contra las mujeres en contextos digitales, Mercedes Durán, Profesora en la Universidad de Sevilla. https://trepanos.es/2022/01/14/ciberviolencia-sexual-de-genero/

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2023 09:53:18
Nº Rexistro: 54097
Data envio: 06/06/2023 09:53:18.925

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/06/2023 7:53:14

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 10:15:00
Nº Rexistro: 53878
Data envio: 26/05/2023 10:15:00.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a necesidade de garantir a visibilidade do teatro en galego por parte do CDG na obra "Shakespeare en Roma" no festival de Mérida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Academia Galega de Teatro acaba de facer público un comunicado onde se denuncia a preparación "ad hoc" do espectáculo "Shakespeare en Roma" en castelán para o festival de Mérida, logo de ser estreada en galego en Compostela o pasado mes de febreiro.

No mes de marzo, o director da AGADIC anunciaba isto como parte do plan de internacionalización do noso teatro, unha materia pendente na política cultural do goberno da Partido Popular, longamente demandada desde o grupo parlamentario do BNG e a cuxa proposta sempre o PP votou en contra.

Resulta incomprensíbel que, o que era un ridículo plan, sexa un novo esforzo para investir diñeiro e recursos públicos en menosprezar a nosa lingua, isto é, un novo exemplo de renuncia a se comprometer o goberno coa normalización lingüística desde a Xunta e de negación dos principios fundacionais e funcións do CDG como axente de protección e fomento da lingua galega.

Tal e como denuncia a Academia Galega de Teatro, o festival de Mérida é "un escaparate de primeira liña precisamente para actuar nun dos ámbitos onde a situación de exclusión da nosa lingua é máis evidente, pois o teatro galego conta con calidade

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 10:15:00
Nº Rexistro: 53878
Data envio: 26/05/2023 10:15:00.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demostrada e gran capacidade para proxectar a identidade galega máis alá das nosas fronteiras, así como para contribuír ao desenvolvemento cultural do noso país".

Asemade, resulta incomprensíbel que desde o propio goberno galego se estea a infrinxir o seu propio regulamento, xa que Lei de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais sostense, entre outros nos seguintes fins: "garantir o progreso da cultura galega, e nomeadamente a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural".

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Existen outras prioridades para a AGADIC que non sexan as que marca a Lei de Nornalización Lingüística?

Teñen pensado nalgún momento crear uns estatutos para o CDG?

Entende o goberno que a internacionalización do teatro galego pasa por abandonar o noso idioma propio?

Vai rectificar o goberno esta decisión e garantir a visibilidade da lingua galega na representación do espectáculo "Shakespeare en Roma" no festival de Mérida?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 10:15:00
Nº Rexistro: 53878
Data envio: 26/05/2023 10:15:00.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/05/2023 10:11:13

Daniel Castro García na data 26/05/2023 10:11:29

Mercedes Queixas Zas na data 26/05/2023 10:11:40

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 53888
Data envio: 26/05/2023 17:16:36.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as obras de mellora canto á accesibilidade, o illamento, climatización e eficiencia enerxética que debe impulsar o goberno galego no centro ASPANAS de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais dos anos 60 existe en Ourense a asociación ASPANAS (Asociación de Pais a prol das Persoas con Discapacidade intelectual de Ourense) que ofrece servizos de atención a persoas adultas con discapacidade psíquica, centro ocupacional, centro residencial, pisos tutelados, centro especial de emprego, servizos de ocio e tempo libre, club deportivo e servizos de internado permanente. Esta asociación ocupa desde 1994 unhas instalacións da Xunta de Galiza, conxunto arquitectónico co Centro de Educación Especial de Velle (Miño).

A Xunta de Galiza mantén a titularidade do edificio no que a asociación desenvolve as súas actividades, mais non está a cumprir as súas responsabilidades co seu mantemento e renovación, toda vez que ademais é xa un edifico antigo e que inicialmente foi construído para dar servizo a menores mais que na actualidade presta servizos moi maioritariamente a usuarios e usuarias maiores de idade e cada vez máis avellentados, polo que se incrementan as necesidades de mobilidade.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 53888
Data envio: 26/05/2023 17:16:36.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos hai 35 usuarios e usuarias que viven alí de forma permanente, de luns a venres están arredor de 25, a media pensión arredor de 26, cos servizos de centro de día 11 persoas. Estas cifras dan conta do gran servizo que presta a asociación, máis aínda se temos en conta que estamos a falar da cidade de Ourense e que nestes momentos aínda non existe un centro de diversidade funcional para maiores de 21 anos en toda a provincia por mor dos incumprimentos do goberno galego. Trátase, polo tanto, dun servizo esencial que garante dereitos a unha parte da cidadanía grazas ao servizo da sociedade civil organizada e do que coñecemos como terceiro sector.

As instalacións presentan importantes deficiencias, entre as que salienta o estado do tellado, que presenta filtracións en todo o edificio, provocando fortes goteiras cando chove, importantes humidades e unha enorme deficiencia no illamento e na xestión enerxética. Así mesmo, cabe salientar a necesidade de renovación de moitas das fiestras e portas por mor da falta de illamento. Unha falta de illamento e climatización, ademais, que é complicada na tempada do frío máis tamén na de calor, que no concello de Ourense é extensa e intensa e ante a que non teñen tampouco servizo de aire acondicionado.

A maiores, cabe sinalar o grave problema de mobilidade e accesibilidade por contaren cunha rampla que non permite a mobilidade adecuada en cadeira de rodas dunha planta á outra e un elevador moi reducido que non permitiría desprazar, por exemplo, unha padiola ante unha emerxencia. Por outra banda, na parte exterior, sería preciso impulsar algún tipo de alternativa para que as e os usuarios poidan facer exercicio físico durante todo o ano, algo imposible por non teren unha cancha nin ningunha zona cuberta para se protexeren da choiva ou da irradiación solar nos momentos de vagas de calor e altas temperaturas.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 53888
Data envio: 26/05/2023 17:16:36.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación é froito dun abandono tan intolerable como prolongado. A Xunta de Galiza coñece todas estas circunstancias xa que, ademais de seren remitidas verbalmente e por escrito á Consellaría de Política Social, máis dun mes antes de presentarse esta iniciativa acudiu o delegado territorial en Ourense ao centro e foi adecuadamente informado. Porén, malia a insistencia da dirección e o anuncio da Consellaría de que un técnico visitaría as instalacións, no momento de asinar esta iniciativa esta visita nin sequera se tiña realizado. A situación de abandono e desatención por parte do goberno galego non pode consentirse por máis tempo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para corrixir as deficiencias materiais do edificio que alberga ASPANAS en Ourense?

Cantas veces acudiu persoal técnico da consellaría a este edificio nos últimos 14 anos para comprobar o seu estado? E desde 2020?

Ten informes destas visitas e/ou inspeccións? Cales son as súas conclusións?

Considera o goberno galego tolerable que un edificio da súa titularidade teña un tellado obsoleto e deteriorado que permite filtracións de auga e goteiras?

Considera o goberno galego tolerable que nunha cidade cun clima caracterizado por altas temperaturas da primavera ao inverno, un edificio da súa titularidade teña uns materiais que non garanten o illamento e que non exista unha alternativa para a climatización?

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 53888
Data envio: 26/05/2023 17:16:36.115

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego adecuado que un edificio da súa titularidade destinado a estes fins non teña unha climatización adecuada nin unha planificación para a eficiencia enerxética?

Que valoración fai o goberno galego de que un edificio da súa titularidade destinado á atención de persoas con potenciais dificultades de mobilidade non teña un servizo de elevación adecuado no que poida coller unha cama?

Que valoración fai o goberno galego de que un edificio da súa titularidade destinado á atención de persoas con potenciais dificultades de mobilidade conte cunha rampla que non garante a accesibilidade?

Vai o goberno galego consignar unha partida específica nos orzamentos da Xunta para garantir as melloras necesarias que demanda a dirección?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 53888
Data envio: 26/05/2023 17:16:36.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/05/2023 17:12:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/05/2023 17:12:38

Noa Presas Bergantiños na data 26/05/2023 17:12:48

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2023 18:19:35
Nº Rexistro: 53902
Data envio: 29/05/2023 18:19:35.895

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de levar a cabo as obras de mellora necesarias no CPI Castro Baxoi de Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta educativa pública no concello de Miño a respecto do ensino infantil, primario e secundario concéntrase no CPI Castro Baxoi, aínda que se mantén unha escola unitaria en Bemantes.

No CPI Castro Baxoi estudan máis de 500 alumnos e alumnas. O centro conta con problemas estruturais desde a súa construción, que foron aumentando ao longo dos anos. Requírese rematar o peche do perímetro do colexio, o amaño da rampa da parte traseira para reducir a pendente e da cuberta do patio ou a reforma dos aseos.

Aínda que se realizaron investimentos en melloras no comedor, o CPI Castro Baxoi segue tendo necesidades tanto estruturais como de persoal. Desde a Consellería de Educación anunciouse en 2021 a posta en marcha do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica dotado con 191 millóns de euros para desenvolver na presente lexislatura, cunha orientación estritamente educativa, con espazos máis amplos e polivalentes, máis saudábeis, ambientalmente sustentábeis e cun reforzo da dotación tecnolóxica para afrontar o futuro dixital.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2023 18:19:35
Nº Rexistro: 53902
Data envio: 29/05/2023 18:19:35.895

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a Consellería, as actuacións contempladas inclúen tanto centros de nova construción como ampliacións, rehabilitacións integrais, obras en fachadas e cubertas e intervención varias.

No BNG entendemos que a situación que presenta o CPI Castro Baxoi de Miño debe reverterse, sendo un centro que podería ser incluído perfectamente nos obxectivos do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica anunciado polo goberno galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o goberno a situación que presenta o CPI Castro Baxoi de Miño a nivel infraestrutural?

- Comprométese o goberno galego a levar a cabo as obras de mellora necesarias? En que prazos?

- Comprométese o goberno a reforzar o profesorado necesario, atendendo ás necesidades do centro, para garantir un ensino de calidade para a totalidade do alumnado?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2023 18:19:35
Nº Rexistro: 53902
Data envio: 29/05/2023 18:19:35.895

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/05/2023 18:17:53

Mercedes Queixas Zas na data 29/05/2023 18:17:58

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

María Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O venres 17 de febreiro o Goberno galego organizou un acto no que premiou a 22 entidades e persoas "pola súa contribución ao éxito" do Xacobeo 2021-22". Entre as persoas galardoadas estaba a xornalista e empresaria Ana Rosa Quintana. Tamén se lle concedeu este premio ao Concello de Madrid.

Dende a Xunta de Galicia non se aclara o procedemento de elección dos galardoados nestes premios, pero si di que: "foron premios honoríficos que non tiveron contido económico e que se outorgaron coa función de incentivar a quen os recibiu a seguir condutas que se entenden exemplares desde o punto de vista dos intereses públicos".

A transparencia debería ser o eixo principal de calquera goberno en todas as súas políticas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista gustaríanos que houbese total transparencia e publicidade na información sobre o procedemento de elección dos galardoados nestes premios do Xacobeo 2021-22.

Por outra banda, na Comisión 6ª o un de marzo deste ano aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei que recollía o seguinte «O Parlamento insta o Goberno galego a que, a prol de visibilizar a igualdade real entre homes e mulleres, os dous títulos de carácter persoal de embaixadora ou embaixador de honra do Camiño de Santiago se outorguen a dúas mulleres

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que cumpran cos requisitos exixidos no artigo 2 do decreto que regula a concesión".

Esperemos que co nomeamento desta xornalista non se queira dar por válido o votado no pasado mes de marzo de outorgar a dúas mulleres o título de embaixadora de honra do Camiño de Santiago.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cales son os méritos polos que se lle concede a Ana Rosa Quintana o premio pola súa contribución ao "éxito" do Xacobeo 2021-22?

2. Cales son as actuacións que realizou a xornalista Ana Rosa Quintana para a contribución ao éxito do Xacobeo 2021-2022?

3. Cales son as condutas exemplares que realizou a xornalista Ana Rosa Quintana para o éxito do Xacobeo 2021-2022 ?

4. Considera o Goberno galego que a elección das persoas galardoadas se fixo con criterios obxectivos? En caso afirmativo, cales?

5. Cal foi o procedemento de elección dos galardoados por parte da Xunta de Galicia nestes premios do Xacobeo 2021-2022?

Parlamento de Galicia, 30 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/05/2023 17:46:43

Martín Seco García na data 30/05/2023 17:46:51

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O 17 de maio do presente ano un xornal de ámbito estatal facíase eco dunha noticia a que daba por título "El proyecto castaña, el fiasco con fondos europeos de una de las zonas deprimidas de Ourense".

Na mesma consta que a Deputación de Ourense plantou case 40.000 árbores para producir 1.500 toneladas de castaña o ano e o que queda é un rastro de exemplares mortos e museos e centros de investigación pechados ou a medio gas.

O citado proxecto iniciado no 2008 cunha financiación de 2,5 millóns de euros, aportados nun 75 % pola Unión Europea a través do programa Interreg, ía a supor a plantación de 38.000 castaños e 1.200 olivos e a apertura de tres centros de investigación e interpretación, en varios municipios da área Conso-Frieiras no sureste ourensá, sendo o municipio de A Gudiña onde supostamente se realizaron máis da metade das plantacións.

Quince anos despois o que se encontra é un rastro de parcelas invadidas de maleza , árbores mortos e infraestruturas clausuradas.

A institución pública aseguraba no seu día que gracias ao proxecto castaña se producirían 1.500 toneladas de castañas o ano e máis de 40.000 quilos de setas boletus, cunha previsión de facturación anual entre 3 e 3,5 millos de euros.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por outra banda no Concello de Riós foron invertidos 238.000 euros na creación do Centro de Desenvolvemento Agroforestal para impulsar o produto estrela da zona, a castaña e xestionar as plantacións, encomenda que obviamente non se está a cumprir. Centro no que a Xunta de Galicia invertía 135.000 euros no ano 2020 , asinando un convenio co Concello de Riós, para recuperar a riqueza forestal das provincias de Lugo e Ourense.

Incidía a Xunta de Galicia en que se levarían a cabo a vixilancia contra as pragas e enfermidades do castiñeiro, cursos de formación e demais. Así mesmo o Goberno galego encargou a Deputación de Ourense outra plantación pública na mesma zona, polo que a complicidade da Xunta de Galicia neste fraude é claro.

De feito en data 10 de maio de 2022 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural iniciaba o procedemento para a aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública en Riós baseándose no proxecto castaña executado polo Inorde, recoñecendo no mesmo o éxito do proxecto da castaña impulsado polo Inorde.

Figura no acordo os seguintes antecedentes reproducidos de forma literal:

“No ano 2007, o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde) executou o denominado Proxecto Castaña. Este defínese como aquel destinado a dar cabida a máis terreos destinados á produción de castaña e levar a cabo iniciativas experimentais para testar as variedades máis idóneas para as distintas zonas de produción da provincia de Ourense. Dentro deste proxecto levaron a cabo plantacións de castiñeiros en varios municipios ourensáns, entre eles Riós e obtívose nestes resultados moi positivos.”

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

No concello de Riós atópase o Centro de Desenvolvemento Agroforestal especializado na conservación e mellora xenética da castaña e do castiñeiro. Este centro xestiona xa máis de dous centenares de hectáreas, pero precisa ampliar a súa superficie de modo que permita continuar os seus labores de ensino e investigación."

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Actuou a Xunta de Galicia en connivencia coa Deputación de Ourense en relación co Proxecto da Castaña?
2. Que orzamento dedicou o Goberno Galego ó Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós dende a súa constitución ata a actualidade?
3. Para que finalidade?
4. Que seguimento realizou o Goberno galego das actividades desenvolvidas no centro?
5. Vai asumir este goberno responsabilidades políticas polo encubrimento e participación nesta nefasta xestión?
6. Que orzamento dedicou a Xunta de Galicia para a plantación de castiñeiro e da produción da castaña na nosa comunidade dende 2020 a actualidade e cronograma de actuación por concellos?
7. Cal é a planificación real de inversións por concellos para o fomento da plantación de castiñeiros e da producción de castaña en Lugo e Ourense dende agora ata 2024 segregado por municipios?

Pazo do Parlamento, 31 de maio do 2023

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/05/2023 12:44:21

Martín Seco García na data 31/05/2023 12:44:31

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En relación a modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural para a creación de Brigadas Helitransportadas nas bases de O Barco, Xurés, Queimadelos e o reforzo de Marroxo e Vilamor sinalar que este grupo parlamentario está, ao igual que a organización sindical UGT, de acordo co fondo desta modificación, valorándoa de xeito positivo xa que aparte de supoñer unha creación de prazas, atende a unha antiga reivindicación realizada por este grupo parlamentario e polas organizacións sindicais, como é a recuperación dun servizo de incendios 100 % público para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo a organización sindical manifesta que non pode estar de acordo co contido da modificación proposta e realizan as seguintes alegacións para que se teñan en conta:

1. A conformación das brigadas helitransportadas non é a natural do SPIF, 2 BFXB, 2 BFC e 10 BF, substituíndoa por unha conformada por 2 BFXB e 12 BFC. Esta distribución afectaría ao persoal que pode acceder as prazas producindo un desequilibrio no mesmo.
Polo que a estrutura debería ser a que actualmente conforma as brigadas do SPIF.

2. Débese comprobar a situación actual evitando a amortización das prazas. As prazas de BF pertencentes a brigadas de extinción de incendios que no seu momento foron adxudicadas a oficiais de incendios e agora están sen

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ocupación deben volver a brigada e ser ocupadas por BF, co cal pedimos que retiren esas prazas da amortización proposta.

3. As prazas deben ser creadas no código pertencente ao distrito de localización da base. Estas prazas deben cubrirse por adscrición e no caso de non ser cubertas, por chamamentos as listas correspondentes.

4. No caso do persoal emisorista, non podemos estar de acordo que se propoña que estes realicen as súas funcións en distintos centros de traballo sen a dotación económica correspondente, tal como recolle o VCCU.

5. É un erro que se incorporen as funcións descritas no PLADIGA en lugar das que realmente corresponden, que son as recollidas no VCCU polo que se solicita que sexan corrixidas.

6. Sobre a realización dunha proba física, partindo de que unha boa forma física e inherente a realización do traballo e básica para a protección da saúde dos bombeiros, non podemos compartir con que se impoña unha proba física distinta á pasada por outros integrantes das BHT desta administración, nin que se poña como requisito o paso da mesma anualmente só para estas prazas de nova creación.

7. A administración ten que abrir as listas de contratación para o persoal do SPIF e actualizalas para que, no caso de que se produzan chamamentos, estes se fagan sobre a posición real que ocupan os traballadores nelas.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo ilo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Valora o Goberno galego ter en conta as alegacións feitas polas organizacións sindicais a efectos de alcanzar unha RPT de consenso en relación a creación das brigadas helitransportadas?
2. Das alegacións presentadas polas organizacións sindicais, cales valoran aceptar?
3. Que cronograma manexa o Goberno para a aprobación destas modificacións?

Pazo do Parlamento, 31 de maio do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/05/2023 12:50:04

Martín Seco García na data 31/05/2023 12:50:15

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Existen diversas modalidades de ciberataques. Algúns buscan secuestrar datos, outros tratan de conseguir información económica, suplantar a unha administración ou estafar empresas. Os delitos asociados as novas tecnoloxías crece a un ritmo dez veces maior que outras delincuencias. O número de ciberdelitos aumenta cada ano. No primeiro semestre do ano pasado denunciáronse 12.000 casos en Galicia, 66 cada día, un 48 % máis dos que se rexistraton no 2021. O incremento no 2022 sobre o ano 2019 é case o dobre, un 99 % máis de denuncias. Ningún outro delito ten hoxe estas cifras.

E o peor está por chegar, os expertos están convencidos de que hai unha cifra oculta de ciberdelitos que non se denuncian por vergoña, no caso dos particulares, ou para non ofrecer imaxe de vulnerabilidade no caso das grandes empresas. Nesta mesma liña explica o Fiscal Superior de Galicia que; “o alarmante contraste de cifras entre a delincuencia real e a coñecida polos corpos policiais que se calcula que non chega ao 10 %. Iso supón que hai unha ciberdelincuencia oculta do 90 % que queda encuberta”

Segundo advirte un informe da Fiscalía galega:” a delicuencia informática asociada ás novas tecnoloxías é, nestes momentos, a ameaza máis grave ao dereito da intimidade das persoas”

Como podemos comprobar ante as cifras do aumento de ciberdelitos e as advertencias dos expertos e da Fiscalía de Galicia, o Goberno galego non está

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

implementando políticas axeitadas para evitar e previr os ciberataques. Por iso, o noso grupo volvemos a reclamar que se tomen medidas urxentes para atallar a ciberdelincuenca na nosa comunidade autónoma, tanto no eido, empresarial como de particulares ou de pequenos concellos, verdadeiras medidas para intentar frear ese incremento da ciberdelincuencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista reclama que se cumpra a resolución sobre ciberdelicuencia que se aprobou por unanimidade en febreiro do ano pasado, e por todo o anteriormente exposto as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia elaborar medidas en ciberseguridade para as pemes galegas ante a súa desprotección fronte a ciberdelicuencia? En caso afirmativo, cales?
2. Vai o Goberno galego a elaborar medidas en ciberseguridade para os pequenos concellos ante a súa desprotección fronte a ciberdelicuencia? En caso afirmativo, cales?
3. O Executivo autonómico vai a elaborar un plan de formación contando co tecido empresarial e coas universidades e sensibilizar en Secundaria sobre as saídas laborais en ciberseguridade?
4. Ten pensado a Administración autonómica realizar unha campaña dirixida a toda a sociedade galega para previr os ciberataques e atallar a ciberdelincuencia?

Pazo do Parlamento, 31 de maio do 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/05/2023 16:40:56

Paloma Castro Rey na data 31/05/2023 16:41:06

Martín Seco García na data 31/05/2023 16:41:15

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, **Paloma Castro Rey**, **María del Carmen Rodríguez Dacosta** e **Martín Seco García**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Nun recente acto, o conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia afirmou que *"Os requirimentos medioambientais están facendo que Europa se dispare un tiro ao pé, así de claro. Porque estamos poñendo unhas esixencias medioambientais, tantas trabas aos nosos agricultores e gandeiros, que vamos a acabar coa agricultura e a gandaría en Galicia, en España e en Europa".* Dixo tamén que *"Cando empecei de conselleiro podía ser un pouco máis proclive ao tema medioambiental e agora digo que o peor que nos pode pasar é que se quede todo abandonado e cheo de xabarís, de corzos e de lobos"* e que *"O ano pasado que ardeu un golpe de hectáreas en Galicia, saben onde estaba o 70 % desas hectáreas? En Rede Natura".*

Estas declaracións prodúcense estando Galicia gobernada por un partido que ten unha fundación ideolóxica como a FAES, presidida polo ex presidente do Goberno José María Aznar, que ten un longo historial de declaracións negacionistas da emerxencia climática, incluíndo afirmar que o cambio climático é un problema que "afectará ou non aos nosos tataranetos", que non se deben dedicar recursos a afrontalo e que é unha "nova relixión" (2014) ou que "non se pode estar ameazando co apocalipse todos os días a conta do cambio climático" (2019).

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

1.Considera o Goberno de Galicia que a normativa medioambiental europea é negativa para Galicia e para a propia Europa e que pode ter relación cos incendios forestais tal e como afirma o seu conselleiro do Medio Rural?

2.Considera o Goberno de Galicia que a Rede Natura galega, a pesar de ser a máis pequena do Estado (12 % do territorio fronte ó 27,5 % de media estatal) favorece os incendios forestais?

3. É consciente o Goberno de Galicia de que o principal problema que afronta a humanidade neste século, que é a sobrecarga dos sistemas biofísicos que serven de soporte á vida na Terra, non se pode arranxar sen "requirimentos medioambientais" e de que solucionar ese problema depende o futuro da propia especie humana?

4. É consciente o Goberno de Galicia de que a normativa medioambiental se incumpre impunemente de forma masiva cada día do ano en Galicia?

Parlamento de Galicia, 31 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 31/05/2023 17:14:39

Paloma Castro Rey na data 31/05/2023 17:14:55

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/05/2023 17:15:09

Martín Seco García na data 31/05/2023 17:15:22

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, publicado polo Consello de Contas en abril de 2023, pon de manifesto unha importante e inxustificable falla de transparencia na planificación e control dos mecanismos de recuperación (asociados a fondos públicos multimillonarios) ata o punto de que o Consello de Contas afirma que non foi quen de establecer se esa planificación foi efectivamente executada, nin como.

Segundo o Consello de Contas, a comisión creada entre varias consellarías da Xunta para supervisar a aplicación en Galicia do Plan de recuperación non se reuniu cunha periodicidade clara nin levantou actas dos seus encontros (páxina 26 do informe). Ademais Contas tampouco foi quen de obter probas de que a Comisión realizase funcións que tiña encomendadas por lei "como analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos" europeos ou "levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas". Tamén di que non ten constancia da creación dun comité técnico igualmente previsto na planificación e na normativa aprobada pola Xunta.

Así, afirma o Consello de Contas que *"No ámbito da nosa Comunidade Autónoma non se aprobou unha norma específica para a implementación do PRTR. Porén, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia dedica o seu Título V a regular os instrumentos de gobernanza e as especialidades de xestión dos fondos de recuperación. A planificación, coordinación e seguimento do PRTR articulouse en torno á Comisión para a planificación e impulso de proxectos -en adiante CNGG- e ao Comité Técnico de Fondos de Recuperación. As funcións e responsabilidades destes órganos defínense, respectivamente, nos artigos 60 e 61. Dende a súa constitución, por acordo do Consello da Xunta do 8 de outubro*

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de 2020, a CNGG aprobou documentos de harmonización en materia de contratos e subvencións e tamén unha guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do MRR".

Pero, segundo o Consello de Contas, *"Durante a fiscalización non se obtivo evidencia da realización doutras funcións que lle encomenda a lei, como analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento NGEU ou levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas; tampouco consta a creación do Comité Técnico previsto polo artigo 61. En consecuencia, non foi posible verificar que a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no PRTR acadase o grao de desenvolvemento esixible"*. Igualmente afirma que *"Durante o período fiscalizado, a Comunidade Autónoma non se dotara de pautas claras sobre a información a subministrar en relación coas actuacións incluídas no PRTR e, en consecuencia, non se publicaron datos relativos á xestión desenvolvida neste ámbito que permitan coñecer o grado de avance na súa execución. A través da páxina web Next Generation Galicia, dispoñible dende principios do ano 2021, publícase información sobre as convocatorias estatais e autonómicas vinculadas ao plan xunto con noticias relacionadas cos fondos e información sobre a súa normativa reguladora. O portal é susceptible de mellora, tanto polo que respecta á accesibilidade e á navegación dentro do seu entorno, como en relación co formato no que se presenta a información"*.

Finalmente, segundo o Consello *"De entre as funcións que lle atribúe o artigo 60.4 da Lei, unicamente foi posible constatar a realización da prevista no seu apartado f) Aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público"*.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1.Como é posible que a Comisión para a Planificación e Impulso de Proxectos prevista na Lei de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia non levantase actas das súas reunións?

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Cumpre esa comisión as funcións que lle atribúe o artigo 60.4 da Lei, ademais da de "aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público"?

3. Por que non se creou o Comité Técnico de Fondos de Recuperación previsto na Lei de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia coa función de apoio técnico á comisión?

Parlamento de Galicia, 31 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 31/05/2023 18:00:02

Paloma Castro Rey na data 31/05/2023 18:00:17

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 53961
Data envio: 31/05/2023 18:40:05.749

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O acordo sobre biodiversidade de Kunming-Montreal (Marco Mundial Kunming-Montreal de la Diversidad Biológica) subscrito por 195 países, entre eles España, en decembro de 2022 na COP 15 sobre biodiversidade, ten por finalidade "Adoptar medidas urxentes para deter e investir a perda de diversidade biolóxica co fin de canalizar a natureza no camiño cara á recuperación en beneficio das persoas e do planeta" e especifica 23 metas orientadas á acción urxente ata 2030", especificando que as medidas propostas en cada meta deben iniciarse inmediatamente e completarse para 2030". Entre esas metas, que son tamén compromisos vinculantes para os signatarios, están as seguintes:

- Garantir que polo menos o 30 % dos ecosistemas degradados en todo o mundo (terrestres e marítimos) sexan obxecto de restauración efectiva para 2030, co fin de mellorar a biodiversidade, funcións e servizos dos ecosistemas e a integridade e conectividade ecolóxicas.

- Garantir que, para 2030, polo menos un 30 % das zonas terrestres e de augas continentais e das zonas marítimas e costeiras, especialmente as zonas de particular importancia para a biodiversidade e as funcións e servizos dos ecosistemas, sexan conservadas e xestionadas eficazmente mediante sistemas de áreas protexidas ecoloxicamente representativos, ben conectados e gobernados equitativamente.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Deter urxentemente a extinción de especies coñecidas e adoptar medidas para a recuperación e conservación das especies, en particular as ameazadas, co fin de reducir significativamente o risco de extinción. Reducir a taxa de introdución de especies invasoras coñecidas ou potenciais polo menos un 50 % para 2030, erradicando ou controlando as especies exóticas invasoras.

- Reducir a perda de nutrientes no medio ambiente polo menos nun 50 % para 2030.

- Reducir os riscos de contaminación e os impactos negativos de todas as fontes de contaminación para 2030 a niveis que non sexan prexudiciais para a biodiversidade e as funcións dos ecosistemas.

- Reducir a pegada global do consumo para 2030, entre outras cousas reducindo significativamente o consumo excesivo e a xeración de residuos e reducindo á metade o desperdicio de alimentos.

- Xestionar de forma sostible as zonas dedicadas á agricultura, á acuicultura, á pesca e á silvicultura e aumentar substancialmente a agroecoloxía e outras prácticas respectuosas coa biodiversidade.

- Aumentar significativamente a superficie, calidade e conectividade dos espazos verdes e azuis nas zonas urbanas, e garantir unha planificación urbana que teña en conta a biodiversidade, mellorando a propia biodiversidade, a conectividade e integración ecolóxicas e mellorando a sáude e benestar dos seus habitantes e a súa conexión coa natureza.

Cun 12 % da súa superficie protexida pola Rede Natura 2000 máis pequena do Estado, a gran distancia do resto das CC.AA, cun plan director da Rede Natura 2000 que segundo a propia Comisión Europea non cumpre os requisitos da

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Directiva Hábitats, sen plans de xestión para cada unha das zonas integrantes desa rede, con tan só 3 plans de recuperación para as 75 especies en perigo de extinción e ningún plan de conservación para as 126 especies vulnerables, cunha expansión masiva e descontrolada dunha especie forestal como o eucalipto que ten importantes efectos ambientais, con tan só 400 das 1.136 zonas húmidas catalogadas polo IBADER incluídas nun inventario oficial que debería ter sido elaborado hai máis dunha década e que non existiu ata marzo de 2023 e unha importante expansión eólica que non foi en ningún momento obxecto de avaliación ambiental estratéxica, Galicia está a anos luz da consecución deses obxectivos e, pola contra, os impactos que se producen sobre a súa biodiversidade son diarios, e a súa perda acelerase.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia da enorme distancia existente entre a realidade medioambiental galega e os compromisos derivados do Marco Mundial Kunming-Montreal da Diversidade Biolóxica subscrito por España?

2. Vai o Goberno de Galicia adoptar medidas inmediatas para acadar as metas e obxectivos dese acordo?

3. Como vai garantir o Goberno galego que o 30 % da superficie de Galicia sexa en 2030 obxecto de protección e restauración ambiental cando a Rede Natura 2000 galega protexe na teoría o 12 % da nosa superficie (menos da metade da media estatal) e o plan director desa rede non cumpre a normativa europea segundo as propias institucións europeas?

4. Considera o Goberno galego que os obxectivos de protección da biodiversidade do Marco Mundial Kunming-Montreal son compatibles coa expansión descontrolada do eucalipto en Galicia?

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

5. Considera o Goberno galego que a actual desprotección da maioría das zonas húmidas de Galicia é compatible cos obxectivos de protección da biodiversidade do Marco Mundial Kunming-Montreal?

Parlamento de Galicia, 31 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 31/05/2023 18:24:10

Paloma Castro Rey na data 31/05/2023 18:24:25

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 11:58:42
Nº Rexistro: 53966
Data envio: 01/06/2023 11:58:42.965

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torre e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obras de rehabilitación integral do IES Valle Inclán de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar o proxecto das obras de rehabilitación integral do IES Valle Inclán de Pontevedra. Esta actuación foi incluída reiteradamente nos orzamentos da Xunta dos últimos anos e finalmente no mes de febreiro de 2023 adxudicouse por 4,63 millóns de euros á única empresa que se presentou á licitación.

O estado de deterioro do edificio histórico do instituto fixo que se fose ampliando progresivamente o alcance das obras, que finalmente inclúen a reforma e rehabilitación das cubertas, limpeza e illamento térmico de fachadas, carpintaría exterior, reforzo da estrutura horizontal, renovación de caldeiras, sistema de ventilación, abastecemento de auga, aseos, vestiarios…

O desenvolvemento e execución material das obras é motivo de preocupación para a comunidade escolar do centro, pola falta de información sobre o alcance das actuacións que se van realizar e sobre o calendario das mesmas. Os principais motivos de preocupación son os seguintes:

-Estado real do edificio e posibilidade de ter que facer modificacións e ampliacións do proxecto inicial.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 11:58:42
Nº Rexistro: 53966
Data envio: 01/06/2023 11:58:42.965

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Dificultade para a execución material das obras e compatibilidade coa actividade escolar.

-Opcións que se manexan sobre a posibilidade de traslado total ou parcial das clases a outro emprazamento, horarios de desenvolvemento das clases e problemas de conciliación.

-Calendario de desenvolvemento das obras.

Non se pode entender que a estas alturas do ano, cando está a punto de rematar o curso escolar, non exista ningunha información oficial sobre todas estas cuestións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que calendario manexa a Xunta para o comezo e desenvolvemento das obras de rehabilitación integral do IES Valle Inclán?

Considera o goberno galego que unhas obras destas dimensións son compatíbeis coa actividade docente?

Ten previsto a Xunta a opción de traslado parcial ou total da actividade docente a outro edificio?

No caso de preverse o citado traslado, que alternativas manexa a Xunta en canto a novas instalacións, grupos afectados e horarios?

Ten previsto o goberno galego información á comunidade escolar sobre as previsións de desenvolvemento das obras de rehabilitación integral do IES Valle Inclán?

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 11:58:42
Nº Rexistro: 53966
Data envio: 01/06/2023 11:58:42.965

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/06/2023 11:54:02

Xosé Luis Bará Torres na data 01/06/2023 11:54:07

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 12:39:44
Nº Rexistro: 53971
Data envio: 01/06/2023 12:39:44.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento do cadro de persoal no Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza, creado polo Decreto de 119/2005, do 6 de maio, é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar aos órganos xurisdicionais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

A creación deste órgano especializado dentro da estrutura da administración de xustiza responde ás necesidades de asesoramento, principalmente, en materias tan sensíbeis como son as relativas á capacidade das persoas, verosimilitude testemuños, ou sobre garda e custodias, en materia de familia.

A utilidade e eficacia desta nova estrutura auxiliar que viña a superar as "tradicionais" oficinas forenses fixo que dende o inicio se puxese de manifesto a escaseza de recursos no Imelga, en xeral, e na práctica totalidade das subdireccións territoriais en particular. Após diversos intentos de "parchear" a situación, no 2017 produciuse un incremento do cadro de persoal, poren sen estabilidade na cobertura das prazas creadas, recorréndose a diferentes sistema de contratación temporal (adscricións temporais, comisións de servizos...). Precariedade que atinxe negativamente tanto aos

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 12:39:44
Nº Rexistro: 53971
Data envio: 01/06/2023 12:39:44.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos laborais das traballadoras, como ao funcionamento do propio servizo. Resulta incomprensible como existen numerosas prazas ocupadas por sistemas de contratación temporal cando a Xunta de Galiza leva máis dunha década sen convocar concursos para as traballadoras da escala social.

Diferentes modificacións normativas tanto de carácter civil como na orde procesual penal incrementaron exponencialmente a xa elevada carga de traballo do Imelga, provocando o colapso nalgunhas subdireccións territoriais, nomeadamente nos equipos psicosociais.

O propio Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza o día 16 de setembro na inauguración do ano xudicial manifestou que a falla de persoal no IMELGA "esta a levar nos últimos meses a unha situación límite aos xulgados e tribunais galegos, que dependen da emisión dos seus informes para avanzar na tramitación de asuntos", consinderando que "a saturación dos equipos psicosociais é un asunto de vital importancia", considerando que existen necesidades estruturais que non se solucionan con interinidades, prolongacións de xornadas, autorreforzos ou a externalización de funcións mediante o recurso a convenios con colexios profesionais.

O funcionamento dun servizo tan importante para o acerto e axilidade na solución de conflitos, e atención a demandas que son estruturais e non meramente puntuais, precisa da creación de equipos estábeis e profesinais, especializados no ámbito xudicial, non sendo a solución a precarización ou a externalización que desnaturalizaría a esencia deste servizo auxiliar e básico para o bo funcionamento da Xustiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 12:39:44
Nº Rexistro: 53971
Data envio: 01/06/2023 12:39:44.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que as reformas lexislativas aprobadas nos últimos anos, tanto ás relativas á capacidade das persoas, como á preconstitución da proba contribúen a incrementar a carga de traballo estrutural do Imelga?

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o número de postos de traballo no Imelga?

Cal foi o incremento nos últimos 5 anos da relación de postos de traballo do Imelga?

Cantos procedementos selectivos ou de provisión de postos realizáronse nos últimos 5 anos no Imelga para a estabilización ou cobertura definitiva de prazas?

Ten prevista a Xunta de Galiza a convocatoria de procesos de provisión que atinxan a postos de traballo no Imelga?

Entende a Xunta de Galiza que a externalización da emisión dos informes que corresponderían aos equipos psicosociais do Imelga é a resposta ás necesidades estruturais do Instituto?

Considera que o informe emitido por un profesional designado ao abeiro dos convenios asinados pola Vicepresidencia Segunda co Colexio de Psicoloxía de Gaiza e coa Asociación Nacional de Peritaxe Social suple totalmente ao informe emitido por un equipo psicosocial do Imelga, integrado por traballadoras públicas especializadas no ámbito xudicial?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2023

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 12:39:44
Nº Rexistro: 53971
Data envio: 01/06/2023 12:39:44.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/06/2023 12:34:14

Iria Carreira Pazos na data 01/06/2023 12:34:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/06/2023 12:34:36

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:11
Nº Rexistro: 53985
Data envio: 01/06/2023 13:32:11.247
Data 01/06/2023 13:32

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 45221,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para paliar as consecuencias da inflación nos sectores máis vulnerables"** (publicada no BOPG número 429 do 29 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Dende a Xunta de Galicia estamos a dar respostas ás necesidades dos mais vulnerables. Deste xeito, nos últimos anos incrementamos progresivamente os recursos para combater a pobreza.

Así, no ano 2023 destinaremos máis fondos que nunca a axudar ás persoas que máis o necesitan:

- Os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

Este aumento nos orzamentos permitirá reforzar as medidas de apoio ás familias máis vulnerables, axustando as contías ao contexto inflacionista do Estado:

- O Bono Social Térmico, que verá incrementada a axuda autonómica pasando de 100 a 150 euros por persoa.
- As Axudas de Emerxencia Social (AIS), que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas, verán tamén incrementada a súa contía nun 8% para o vindeiro ano; e ademais contaremos cun 25% de orzamento mais para financialas, ata acadar os 5 millóns.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:11
Nº Rexistro: 53985
Data envio: 01/06/2023 13:32:11.247

- O complemento que se paga ás persoas perceptoras de pensións non contributivas, para o que o Goberno galego destinará no 2023 unha partida de 8 millóns, o que suporá un incremento do 5,1% con respecto a 2022.

- E a Renda de inclusión de Galicia (Risga), que cobran cada mes máis de 6.000 persoas, incrementará ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.

Así mesmo, o Executivo autonómico traballa coas entidades sociais na posta en marcha dun proxecto piloto de loita contra a pobreza infantil, para axudar a aqueles fogares con menores que se encontran nunha situación de vulnerabilidade. Este programa conta cun orzamento de 10,6 M€ e beneficiará a máis de 1.700 familias.

Por outro lado, no contexto actual onde todo está a subir pola inflación, a Xunta demostra unha vez máis o seu firme compromiso coas familias galegas. Por iso, desde este curso Galicia volve a ser pioneira ao implantar a gratuidade en todas as escolas infantís para todos os fillos, tanto as da Xunta, como as que dependen dos Concellos, as de iniciativa social, as concertadas e as privadas.

Galicia é a primeira e única comunidade que financia a gratuidade das escolas infantís, cunha partida de máis de 50 millóns de euros este curso. Todo este esforzo estao a facer a Administración autonómica con fondos propios, sen ningunha achega do Goberno central**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:11
Nº Rexistro: 53985
Data envio: 01/06/2023 13:32:11.247

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:32:08

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:02
Nº Rexistro: 53984
Data envio: 01/06/2023 13:32:02.809
Data 01/06/2023 13:31

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 45225,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuación que vai promover o Goberno galego para garantir o dereito do acceso á enerxía"** (publicada no BOPG número 429 do 29 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Dende a Xunta de Galicia estamos a dar respostas ás necesidades dos mais vulnerables. Deste xeito, nos últimos anos incrementamos progresivamente os recursos para combater a pobreza.

Así, no ano 2023 destinaremos máis fondos que nunca a axudar ás persoas que máis o necesitan:

- Os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

Este aumento nos orzamentos permitirá reforzar as medidas de apoio ás familias máis vulnerables, axustando as contías ao contexto inflacionista do Estado; por poñer algún exemplo:

- O complemento que se paga ás persoas perceptoras de pensións non contributivas, para o que o Goberno galego destinará no 2023 unha partida de 8 millóns, o que suporá un incremento do 5,1% con respecto a 2022.

E a Renda de inclusión de Galicia (Risga), que cobran cada mes máis de 6.000 persoas, incrementará ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2023 13:31:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:02
Nº Rexistro: 53984
Data envio: 01/06/2023 13:32:02.809

De xeito mais concreto, pódese indicar que na Estratexia de Inclusión Social de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia, instrumentos de planificación estratéxica das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, existen medidas que pretenden paliar o problema da pobreza enerxética.

Estas medidas son desenvolvidas principalmente pola Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Pola súa banda, a Consellería de Política Social e Xuventude xestiona o Bono Social Térmico, que chegou a 66.400 familias o ano pasado, e que no 2023 verá incrementada a axuda autonómica que o complementa nun 50%, pasando de 100 a 150 euros por persoa.

Así mesmo, as Axudas de Inclusión Social (AIS) teñen entre as súas tipoloxías as vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos de auga, luz e outros necesarios para poder continuar habitando a vivenda.

Estas axudas, que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas, incrementaron a súa contía nun 8% en 2023; e ademais contamos cun 25% de orzamento mais para financialas, ata acadar os 5 millóns**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:32:02
Nº Rexistro: 53984
Data envio: 01/06/2023 13:32:02.809

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:31:59

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:52
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 01/06/2023 13:31:52.653
Data 01/06/2023 13:31

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 46393,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as inspeccións realizadas á residencia Nuestra Señora de Fátima do Barco de Valdeorras"** (publicada no BOPG número 457 do 20 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"En relación coas inspeccións realizadas na Residencia Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras na última década, cómpre informar que dita residencia conta con permiso de inicio de actividades de 2008 tivo visitas de inspección nas anualidades 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2016, 2019, 2020 e 2021.

Nas visitas realizadas, o persoal inspector dou conta de diversas irregularidades que foron emendadas pola entidade. Así mesmo, constatou deficiencias nas instalacións do centro, irregularidades no funcionamento e que este non contaba con persoal de enfermaría 24 horas. Por estes motivos nos anos 2020 e 2022 iniciáronse expedientes sancionadores que teñen unha resolución firme en vía administrativa.

O 21.4.2020 a Consellería de Política Social e Xuventude e a Consellería de Sanidade ditaron unha resolución conxunta pola que se acordou a intervención do centro Residencia Nuestra Señora de Fátima en execución do protocolo para o manexo da crise sanitaria provocada polo SARS-COVID19.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2023 13:31:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:52
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 01/06/2023 13:31:52.653

O 10.12.2020 ten entrada nesta consellería un oficio da Fiscalía Provincial de Ourense solicitando a resolución pola que se acordou a citada intervención da residencia. Dita resolución envíase o 14.12.2020 polo que non proceden mais accións neste sentido por parte da Administración da Xunta de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:52
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 01/06/2023 13:31:52.653

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:31:48

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:43
Nº Rexistro: 53982
Data envio: 01/06/2023 13:31:43.059
Data 01/06/2023 13:31

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 50493,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago"** (publicada no BOPG número 462 do 2 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a elaborar un estudo de mobilidade en torno ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago para planificar solucións eficaces a curto, medio e longo prazo. Mentres tanto, a Xunta solicitou que o Concello de Santiago colabore na mellora da situación actual asumindo a ordenación do tráfico no recinto**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2023 13:31:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:43
Nº Rexistro: 53982
Data envio: 01/06/2023 13:31:43.059

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:31:40

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:34
Nº Rexistro: 53981
Data envio: 01/06/2023 13:31:34.278
Data 01/06/2023 13:31

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 52006,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o plan funcional do Hospital Gran Montecelo de Pontevedra en relación á forma e as prazas do aparcadoiro"** (publicada no BOPG número 478 do 5 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A obra do Gran Montecelo é unha actuación de enorme relevancia para a cidade de Pontevedra e toda a súa área sanitaria, e permitirá dar un salto cualitativo na atención hospitalaria. Trátase da obra pública máis importante da cidade nestes momentos, e a súa envergadura e grao de avance evidénciase.

O principal é a mellora asistencial, pero o Gran Montecelo tamén suporá unha importante mellora en canto á facilidade e accesibilidade do aparcamento. Este xa dende o principio non estaba previsto na primeira fase, senón nunha fase posterior, pero xa se está traballando nela. En canto á capacidade de aparcamento, a configuración respectará as previsión do Proxecto Sectorial de Incidencia Municipal aprobado**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2023 13:31:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:34
Nº Rexistro: 53981
Data envio: 01/06/2023 13:31:34.278

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:31:30

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2023 11:04:33
Nº Rexistro: 53921
Data envio: 31/05/2023 11:04:33.017
Data 31/05/2023 11:04

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 53142,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para loitar contra a pobreza das e dos pensionistas para as comarcas de Ourense"** (publicada no BOPG número 490 do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Galicia é unha das poucas comunidades que concede, de xeito ininterrompido durante os últimos anos, o complemento autonómico das Pensións non Contributivas (PNC), unha axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios Executivos autonómicos as que deciden mantela.

A Xunta de Galicia destina máis de 8 millóns de euros neste complemento para aumentar a súa contía e adecuala ao custo da vida e á suba xeral dos prezos.

A Administración autonómica incrementou a contía desta prestación ata os 218 euros anuais e adiantou o seu pago nove meses para achegalo canto antes ás persoas beneficiarias.

Deste xeito, a Xunta xa ingresou o complemento autonómico das PNC para os 37.000 galegos beneficiarios desta prestación. Mediante esta axuda o Goberno galego reforza as pensións daquelas persoas maiores e enfermas con incapacidade ou con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 31/05/2023 11:04:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2023 11:04:33
Nº Rexistro: 53921
Data envio: 31/05/2023 11:04:33.017

O ingreso desta axuda realizarase de oficio a todos os beneficiarios que cumpran cos requisitos, sen necesidade de solicitala nin levar a cabo ningún trámite. Está dirixido a pensionistas de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas e persoas con discapacidade que reciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Por outro lado, a Xunta incrementou este ano o orzamento dirixido á inclusión social nun 25 %. Deste xeito, ademais de aumentar o complemento autonómico das PNC, tamén subiu as contías da RISGA, o das Axudas de Inclusión Social (AIS) e o do Bono Social Térmico**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2023 11:04:33
Nº Rexistro: 53921
Data envio: 31/05/2023 11:04:33.017

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/05/2023 9:04:14

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:23
Nº Rexistro: 53980
Data envio: 01/06/2023 13:31:23.637
Data 01/06/2023 13:31

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 53158,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as incidencias do servizo de transporte do alumnado do Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel, de Rianxo"** (publicada no BOPG número 490 do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O transporte de escolares cumpre unha función social imprescindible, como é garantir o acceso á Educación en termos de Igualdade, para todos os nenos e nenas, sen barreiras socioeconómicas nin por lugar de residencia. Do mesmo xeito, este servizo público, xunto cos servizos complementarios do ámbito da educación, favorece a necesaria conciliación da vida laboral e familiar das familias con fillos en idade escolar.

Facer efectivo o dereito ao transporte escolar gratuíto na nosa comunidade esixe o mantemento dunha extensa rede de servizos de autobús, que chegue a todos os núcleos de poboación nos que haxa escolares e os conecte cos centros de ensino.

Na comarca do Barbanza, dan servizo aos escolares 35 liñas integradas. Dada a magnitude do transporte escolar e os axustes precisos nos inicios de cada curso, as incidencias rexistradas os primeiros días do ano académico, non impiden emprender unha valoración positiva.

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2023 13:31:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:23
Nº Rexistro: 53980
Data envio: 01/06/2023 13:31:23.637

En Rianxo operan 14 liñas integradas que dan servizo ao IES Félix Muriel e o CEP Xosé María Segade. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non dispón de queixas ou suxestións vencelladas a estes dous centros educativos nos últimos meses, no que se refire a servizos da súa competencia. De ser así, tal e como adoita a proceder, iniciaría as accións oportunas para solucionar, coa maior rapidez, as incidencias identificadas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2023 13:31:23
Nº Rexistro: 53980
Data envio: 01/06/2023 13:31:23.637

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2023 11:31:20

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

REGISTRO GENERAL
DE SALIDA
Núm. 54108

Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO sobre la concesión de licencias obligatorias para la gestión de crisis y por el que se modifica el Reglamento (CE) n.º 816/2006 (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM (2023) 224 final] [COM (2023) 224 final anexo] [2023/0129 (COD)] {SEC (2023) 173 final} {SWD (2023) 120 final} {SWD (2023) 121 final} {SWD (2023) 122 final}

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

COMISIÓN
EUROPEA

54108

Bruselas, 27.4.2023
COM(2023) 224 final

2023/0129 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

sobre la concesión de licencias obligatorias para la gestión de crisis y por el que se modifica el Reglamento (CE) n.º 816/2006

(Texto pertinente a efectos del EEE)

{SEC(2023) 173 final} - {SWD(2023) 120 final} - {SWD(2023) 121 final} - {SWD(2023) 122 final}

CSV: BOPGDSPG-dd7hFdw8q-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

Los activos intangibles, como las invenciones, los secretos comerciales y los conocimientos técnicos, son la piedra angular de la economía y la competitividad de la UE. Los derechos de patente, en particular, desempeñan un papel fundamental a la hora de apoyar la innovación en la UE y de crear el entorno adecuado para la inversión. Para que la innovación europea prospere, es necesario crear un marco jurídico sólido, previsible y flexible para los derechos de propiedad intelectual e industrial, en particular las patentes. El sistema de patente unitaria contribuye a seguir mejorando y armonizando el marco jurídico de la UE en materia de patentes. Además, el plan de acción de la Comisión sobre los derechos de propiedad intelectual e industrial ha detectado varios ámbitos del Derecho de patentes que deben mejorarse y armonizarse. Uno de estos ámbitos es el de la concesión de licencias obligatorias. La crisis de la COVID-19 puso de manifiesto que encontrar un equilibrio adecuado entre los derechos de patente y otros derechos e intereses constituye un elemento esencial del sistema de patentes. Durante la crisis de la COVID-19, el conflicto de intereses radicó en el acceso a los productos sanitarios y la preservación de los incentivos a la innovación que son fundamentales para desarrollar nuevos productos sanitarios, como vacunas y opciones terapéuticas. La pandemia añadió otro elemento al debate: la función que podrían y deberían desempeñar los derechos de propiedad intelectual e industrial en una crisis. En otras palabras, la pregunta pasó a ser: ¿cómo podemos preservar el equilibrio y los incentivos para la innovación y garantizar al mismo tiempo un acceso rápido a productos y tecnologías esenciales en situaciones de crisis, incluso cuando no se hayan celebrado acuerdos voluntarios? El Derecho de patentes ya ofrece una solución: la concesión de licencias obligatorias.

